



# MEMORIA DO CURSO 2023/2024



## ÍNDICE

<b>1. Obxectivos pedagóxicos. Grao de consecución. Valoración e propostas</b>	<b>4</b>
<b>2. Coordinación docente</b>	<b>6</b>
2.1. Equipos de ciclo	6
2.1.1. Primeiro ciclo	6
2.1.2. Segundo ciclo	13
2.1.3. Terceiro ciclo	21
2.1.4. Educación física	23
2.1.5. Educación musical	28
2.1.6. Lingua estranxeira. Inglés	29
2.1.7. Relixión católica	31
2.2. Equipo de dinamización da lingua galega	33
2.3. Comisión de coordinación pedagóxica	38
2.3.1. Atención NEAE. Estratexias organizativas	38
2.3.2. Acción titorial	38
2.3.3. Contidos transversais	39
2.3.4. Convivencia escolar	40
2.3.5. Documentos pedagóxicos	41
2.3.6. Propostas para o vindeiro curso	41
2.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares	42
2.4.1. Actividades culturais	42
2.4.2. Saídas	46
<b>3. Dinamización da calidade do ensino</b>	<b>47</b>
3.1. Dinamización das TIC	47

3.1.1. Aula de informática	47
3.1.2. Emisora escolar	49
3.2. Dinamización biblioteca	50
<b>4. Plan anual de lectura</b>	<b>59</b>
4.1. Primeiro ciclo	59
4.2. Segundo ciclo	60
4.3. Terceiro ciclo	62
<b>5. Departamento de Orientación</b>	<b>63</b>
5.1. Funcionamento do Departamento	63
5.2. Avaliacións Psicopedagóxicas	65
5.3. Entrevistas	66
5.4 Coordinación con organismos	66
5.5. Especialistas en Pedagogía Terapéutica	67
5.6. Especialista en Audición e Linguaxe	70
<b>6. Programas de Innovación Educativa</b>	<b>75</b>
6.1. E-Dixgal	75
6.2. Contratos programa	76
6.3. Club de Ciencia	80
6.4. Plan Proxecta: PROA+, Proxecto de vida activa e deportiva	81
6.5. Plan Dixital	85
<b>7. Plan de Formación permanente do profesorado</b>	<b>85</b>
<b>8. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente</b>	<b>86</b>
<b>9. Plan de transporte escolar</b>	<b>87</b>
<b>10. Plan de convivencia</b>	<b>87</b>
<b>11. Instalacións e equipamentos</b>	<b>89</b>

11.1. Melloras realizadas	89
11.2. Propostas de mellora e xestións pendentes	91
<b>12. Plan de emerxencia e autoprotección</b>	<b>92</b>
<b>13. Apartado económico</b>	<b>93</b>
<b>14. Anexo. Memoria das actividades da ANPA</b>	<b>95</b>

## 1. OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS. GRAO DE CONSECUCIÓN. VALORACIÓN E PROPOSTAS.

Analizamos e valoramos os obxectivos xerais de centro para o presente curso facendo propostas de mellora cara o vindeiro curso:

A innovación educativa seguiu sendo un dos piares do centro no curso 2023/24, a través da participación nos seguintes Programas de éxito Educativo: **Club de Ciencia, Contratos-programa CP innova**, dentro das modalidades EDUinnova (o centro docente como entorno innovador de aprendizaxe), EDUexcelencia (o centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento) e EDUsaúde (un curso máis potenciamos un estilo de vida saudable participando no reparto de froita de tempada, no reparto de batidos, e organizando actividades deportivas no tempo de recreo) e nos **Contratos-programa CP inclúe** (Convíve-T , Inclúe-T e Emociona-T), **PROA + e Polos Creativos**.

Por segundo ano consecutivo participamos no programa Proxecta, na modalidade do **Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD)** e XOGADE.

A lectura fomentouse a través de diversas actividades motivadoras para o alumnado: lectura dos libros dos padriños e madriñas das aulas, recibimos a visita dos autores Ramón D. Veiga e Paula Carballeira, que foi nomeada nova madriña da aula de 5º nivel.

Para a atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe contamos este curso con dúas mestras especialistas en PT (unha delas exerceu a función de PT de Atención Preferente), unha mestra de AL a tempo completo e unha mestra de PROA +, tamén a tempo completo. Ademais das mestras de PT e AL, o profesorado con dispoñibilidade horaria, exerceu tamén labores de apoio ao alumnado con necesidades, conseguindo así, optimizar os recursos existentes e atender ás necesidades do alumnado con problemas. Os horarios dos apoios foron revisados cada trimestre en función das necesidades do alumnado expresadas polo profesorado nas xuntas de avaliación.

Outro dos obxectivos acadados é o relacionado coa formación permanente do profesorado que participou nos PFPPs: Polos Creativos, nun principio íamos propor tres actuacións, (Plotter, robótica e impresión 3D), finalmente decidimos decantarnos por aprender o manexo do plotter pois pensamos que, pola forma de traballar que hai no centro, íamoslle sacar moito partido, e Prácticas Restaurativas.

Un dos obxectivos deste centro é o de potenciar a lingua galega. Todos os documentos administrativos e as comunicacións ás familias redactáronse nesta lingua. Do mesmo xeito

potenciamos o seu uso dende as distintas áreas do currículo e nas relacións interpersoais entre o profesorado e o alumnado, e tamén coas familias.

A mediados do curso pasado púxose en funcionamento o Comedor escolar que continuou prestando servizo durante este ano de maneira regular. Este servizo segue sendo moi ben acollido pola Comunidade Educativa, contando con un elevado número de usuarios, sobre todo os días que había Actividades Extraescolares.

Os documentos pedagóxicos elaborados durante o curso 23-24 foron:

- PXA
- Elaboración da I Addenda ao IV Proxecto Lingüístico de Centro.
- Plan de orientación.
- Plan de atención á diversidade
- Elaboración da concreción curricular do centro
- Plan estratéxico de Mellora (PEM)
- Plan de benestar
- Memoria anual
- Proxecto de vida activa e deportiva

Había a firme proposta de continuar actualizando algúns parágrafos das NOFC. Neste contexto de cambio de lei educativa aconséllasenos que polo de agora non traballemos na elaboración deste documento pois nun futuro cargaranse todos os documentos de centro na aplicación PROENS atendendo a uns modelos previamente establecidos. Non logramos cumprir esta proposta.

Propostas para o vindeiro curso:

- Volver a solicitar a participación nos programas de Éxito educativos e nos Proxecta.
- Valorar a posibilidade de repartir as actividades por cursos evitando así a carga de traballo.
- Programar as actividades didácticas a partir do tema proposto para o proxecto anual do centro, que está por determinar, para non crear excesiva dispersión e un número inabarcable de proxectos.

Valoramos moi positivamente o traballo en equipo desenvolvido por todo o profesorado e as boas

relacións interpersoais que axudaron a facelo máis sinxelo.

## **2. COORDINACIÓN DOCENTE**

### **2.1. Equipos de ciclo**

#### **2.1.1. Primeiro ciclo**

#### **OBXECTIVOS**

Os obxectivos propostos na Programación Xeral Anual para 1º e 2º nivel, foron acadados na súa maioría, a través das diversas actividades realizadas, tanto a nivel de aula como de centro.

- O estudo da contorna máis próxima do alumnado realizouse a través do proxecto “A parroquia” e co traballo dos contidos propios das áreas de Ciencias, así como mediante as saídas realizadas ao longo do curso.
- A concienciación da importancia do respecto pola natureza e do consumo responsable traballouse mediante diversas actividades para afondar nos termos da regra dos tres erres: reducir, reempregar e reciclar; e tamén coa posta en práctica da separación do lixo nas propias aulas.
- O fomento do interese pola lectura como fonte de coñecemento e lecer, desenvolveuse mediante diversas actividades a nivel de aula e centro, nas que o alumnado participou de forma activa. Mantendo ao longo de todo o curso o tempo coñecido como “Hora de ler” e tamén mediante outras actividades de dinamización da lectura promovidas desde a biblioteca escolar como contacontos e representacións teatrais realizadas polo alumnado de 6º.
- O uso do galego potenciouse, empregándoo sempre, agás nas sesións que por Decreto houbo que impartir en castelán. O galego foi a lingua empregada en todas as actividades e situacións que se foron dando no centro.
- Traballouse por unha conciencia global de centro, na que o diálogo, a tolerancia e o respecto foron as bases da convivencia. Implementando estratexias coma os círculos restaurativos e a mediación escolar nas dinámicas habituais do centro. Así mesmo fomentouse de forma activa a participación do alumnado de 1º ciclo no coidado do centro

co proxecto “Coidamos do noso cole”.

- Fomentouse a intelixencia emocional a través da visualización de pequenas curtametraxes, lecturas, dinámicas de cohesión e actividades de diálogo nas que se traballaron as emocións, a comunicación e a escoita.

### **Funcionamento e actividades**

En canto á **coordinación do equipo docente**, as titoras de primeiro e segundo nivel, reuníronse, unha vez á semana e sempre que foi preciso, para organizar e planificar as actividades comúns aos cursos así como para coordinar o labor docente entre os mesmos.

Non podemos esquecer que, en xeral, salvo casos excepcionais, existiu unha boa e cordial **relación coas familias**. Realizouse unha primeira reunión informativa de maneira presencial e ao longo do curso mantívose un contacto moi frecuente, nas titorías presenciais coma mediante comunicacións escritas a través de Abalar ou da axenda escolar do alumnado; fomentando sempre un clima de entendemento e colaboración.

No relativo á **implicación nos proxectos e actividades do centro**, realizáronse todas as actividades a nivel aula e a nivel de ciclo propostas desde o Equipo de actividades complementarias e extraescolares, o EDLG, Equipo de Biblioteca, así como as propostas realizadas desde o proxecto “Club de ciencia” e as diversas actividades complementarias e internivel levadas a cabo no centro.

Ao inicio do curso realizouse unha **assemblea** a nivel de aula, na que cada clase elixiu a un/unha dos/as alumnos/as como delegado/a e un/unha subdelegado/a. Ademais tamén se asignaron diferentes responsabilidades ao alumnado mediante a figura dos axudantes da aula. O obxectivo foi fomentar a autonomía e responsabilidade do alumnado, así como a súa implicación activa no funcionamento da aula.

Por outra banda, a maiores da programación didáctica establecida para cada nivel e na pescuda dunha aprendizaxe máis significativa, realizáronse **proxectos nas diversas áreas de coñecemento** que se expoñen a continuación.

### **Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (Proxectos)**

#### **“As parroquias”**

Fixemos a visita á parroquia de Cabreira, na que visitamos os elementos arquitectónicos e

naturais da contorna. Fomos acompañados por varias familias de 2º e exdocentes do centro, que fixeron de guías. Visitamos unha carpintería, unha gandería, a escola infantil e un obradoiro de escultura en madeira.

### **“A horta escolar”**

Non participamos no coidado e plantación da horta escolar, por falta de tempo e pola climatoloxía adversa.

### **“Alimentación saudable”**

Nas aulas de 1º e 2º tratamos de que o alumnado fose adquirindo hábitos alimenticios saudables. Desde o inicio de curso propúxoselle unha merenda saudable para cada día da semana. Sempre tendo en conta as situacións persoais de cada neno/a respecto das intolerancias ou alerxias alimentarias.

Participamos nas dúas semanas da froita e na semana dos batidos, organizadas polo centro.

### **Educación medioambiental “A regra dos tres erres”**

Ao longo do curso, traballouse co alumnado a importancia da reciclaxe mediante as seguintes actividades:

- Separación do lixo na aula e no centro.
- Reutilización de materiais escolares e domésticos para diversas actividades.
- Reciclaxe e reutilización de papel.

### **Coidamos do noso cole: “A casiña”**

Planificáronse actividades para o coidado deste espazo de uso común e de xogo. Establecéronse quendas co alumnado de 2º curso para a limpeza e o coidado da casiña. Esta actividade foi semanal e asistían en parellas, os mércores a quinta sesión.

## **Linguas galega e castelá**

### **Fomento da lectura**

Cada día dedicamos 15 minutos diarios á lectura, no tempo coñecido como **Hora de ler**. Tal como estaba previsto, este tempo dedicouse á lectura silenciosa de forma individual de libros escollidos polo alumnado, ben, da biblioteca de aula e/ou do centro, ou ben, libros traídos da casa

polo propio alumnado.

Este curso só foi posible a colaboración dunha familia de segundo no proxecto “**Hoxe vén ao cole...**”, na emisión dun programa de radio adicado ás letras galegas.

Si que se levaron a cabo diferentes actividades relacionadas coas figuras literarias seleccionadas para traballar este curso: Carlos Casares, Fina Casalderrey/Manuel María, Rosalía de Castro, Ramón D. Veiga e Luísa Villalta.

O autor dos libros “Violeta ás agachadas” e “A miñoa e o coello”, Ramón D. Veiga foi o convidado este curso para celebrar a Semana do Libro. Durante o 2º trimestre, o alumnado de 1º e 2º curso, realizou a lectura dunha das súas obras e posteriormente recibimos a súa visita, para esta ocasión o alumnado realizou diferentes actividades.

### **Expresión oral**

As principais estratexias para a mellora da expresión oral foron as seguintes:

- As asembleas: Foron o principal instrumento para a resolución de conflitos e a xestión grupal da aula.
- O recitado de poemas, ditos, trabalinguas, adiviñas, a interpretación de cancións...
- A radio escolar: Cada nivel participou unha vez por trimestre na elaboración do guión e na emisión dun programa de radio na emisora escolar “Radio Saltamontes”.
- Exposición oral dos trebellos aportados polas familias para a exposición.

### **Expresión escrita**

Ademais das actividades cotiás da aula, a expresión escrita fomentouse mediante as seguintes ferramentas:

- “O libro dos aniversarios”: Nesta dinámica, no 1º e 2º curso, cada compañeiro/a do neno/a que estaba de aniversario, elaborou unha páxina cunha dedicatoria acompañada dun debuxo.
- “Tarefas de investigación e o libro viaxeiro das Lérias e enredos doutro tempo. Cada semana levou un nen@ o libro viaxeiro para cubrir coa axuda da súa familia, un ou dous xogos cos que gozaban e aprendían cos seus avós e avoas.
- “O caderno do Salustiano”. O alumnado de 1º levaba semanalmente a mascota da aula e o seu libro no que ían plasmando todas as actividades e lugares que visitaban durante a fin de

semana ou períodos vacacionais. Foi moi ben acollido polas familias.

### **Matemáticas**

Desde a área de matemáticas, participouse nas seguintes tarefas:

- Xogos manipulativos adaptados aos contidos traballados en cada nivel do noso ciclo.
- Na olimpíada matemática participou o alumnado de 2º. Competiron por recantos. Consideramos que esta versión é moito máis produtiva e reconfortante para ese alumnado que non acadarían os mellores resultados de xeito individual.
- O alumnado de 2º participou no XI concurso de fotografía matemática organizada polo IES de Salvaterra. Nesta edición, e por primeira vez resultou gañador do primeiro premio, un neno de primaria.

### **Educación artística e visual**

O traballo plástico realizouse a través de obradoiros interciclo mediante o desdobre e agrupamento do alumnado 1º ciclo en diversos grupos nos que se desenvolveron as seguintes actividades:

**No 1º trimestre**, realizamos as seguintes actividades:

- Obradoiro de decoración das bolsas do almorzo.
- Obradoiro de outono (traballo plástico relacionado con esta temática).
- Obradoiro de cociña con produtos de tempada.
- Obradoiro de Magosto: decoración das corticeiras, elaboración dos xogos populares e/ou creación dos cucuruchos, con papiroflexia, para as castañas.
- Obradoiro de Nadal con actividades artísticas e de escenografía relacionadas coa decoración e preparación do festival de Nadal do colexio.

**No 2º trimestre**, as sesións de plástica adicáronse aos seguintes obradoiros:

- Obradoiro de Entroido para a creación dos disfraces e/ou complementos para a celebración do Entroido escolar.

- Obradoiro de costura.
- Obradoiro para celebrar o Día de Rosalía.
- Obradoiro de traballos relacionados co autor convidado.

No 3º trimestre, as sesións de plástica adicáronse aos seguintes obradoiros:

- Obradoiro sobre a autora homenaxeada co Día das Letras Galegas.
- Preparación de actividades para celebrar o festival das Letras Galegas Poesía, teatro, baile e canto.

### **Informática**

Ao longo do curso nas aulas de ambos niveis empregáronse os diferentes recursos dixitais que tivemos a nosa disposición (EDI, ordenador de aula e xogos interactivos), tendo en conta que nestas idades máis temperás debemos reducir ao mínimo o tempo que o noso alumnado está fronte ás pantallas, guiando o seu uso pedagóxico controlado.

O alumnado contou cunha sesión semanal de informática impartida na aula de informática do colexio. Para esta sesión levouse a cabo un desdobre dos grupos de 1º e 2º curso, de forma que, a metade de cada grupo acudiu a informática, coa mestra asignada para impartir esta materia, e a outra metade quedou con outra mestra para desenvolver actividades de adquisición e fomento da lectura, así como de comprensión lectora.

### **Proxecto competencial**

Desde estas materias, impartidas respectivamente en 1º e 2º de primaria, continuamos coa liña iniciada en cursos pasados nas que se traballou de xeito interdisciplinar con outras materias das titorías, que consistiu na elaboración de proxectos grupais, traballando en relación aos intereses do alumnado nunha mesma temática común trimestral/anualmente. Os proxectos establecidos para este curso principalmente foron: Lerias e enredos doutro tempo, poesía, Linguaxe de Signos e Braille. Así como o traballo relacionado coa revista escolar “Néboa”.

### Saídas didácticas e outras actividades complementarias

Ao longo deste curso, no 1º ciclo, realizamos as seguintes saídas didácticas:

- Saída a Ourense (2º), para asistir á entrega do Premio do certame Imaxes do Patrimonio, organizado por Ponte nas... Ondas!, polas fotografías relacionadas co proxecto Metealxén enviadas no curso 22-23.
- Visita a Pontevedra (1º e 2º) para asistir ao Salón do libro e ao Museo Provincial de Pontevedra.
- Visita á parroquia de Cabreira (1º e 2º) para facer un percorrido polos monumentos arquitectónicos relixiosos e civís de valor patrimonial, á escola Infantil, a un obradoiro de escultura e a dúas empresas máis.
- Saída de fin de curso a Sanxenxo (1º e 2º).
- Saída á Arbo (1º e 2º) para asistir á exhibición de medios dos distintos grupos da Garda Civil.
- Saída ao IES de Salvaterra (2º) para recoller o Premio do concurso fotográfico matemático que gañou un alumno do ciclo.

### **Valoración global da aprendizaxe e NEAE**

A nivel global neste ciclo o alumnado mellorou as súas destrezas e mostrou unha evolución positiva ao longo do curso. Destacando a evolución xeral na aprendizaxe da lectoescritura e na competencia matemática. En canto ás dinámicas de aula, o traballo en pequeno grupo e por parellas, así como a titoría entre iguais, funcionou moi ben e mostrouse como unha estratexia que xerou moi bos resultados.

En canto ao alumnado con NEAE e os apoios requeridos no grupo de **1º nivel**:

Trátase dun grupo de 19 alumnos/as dos cales 7 deles necesitaron apoio e/ou reforzo educativo tanto por parte do profesorado da materia como do profesorado especialista en PT, PT Atención Preferente e AL.:

- Apoio da mestra de PT (Atención Preferente): 6 sesións semanais na clase de matemáticas e nas linguas para un deles.

- Apoio da mestra de AL: 3 sesións semanais dirixidas a seis alumnos (dislalias) e 3 sesións a outro alumno.
- Ao longo do curso contamos coas axuda de dúas mestras de PT, con 6 e 5 sesións respectivamente, nas materias de matemáticas e linguas, para reforzar contidos de lectoescritura, razoamento matemático e comprensión.

No grupo de 2º nivel:

Trátase dun grupo de 17 alumnos/as, dos cales 7 deles necesitaron apoio e reforzo educativo tanto por parte do profesorado da materia como do profesorado especialista en PT e AL.:

- Apoio da mestra de PT: 6 sesións semanais nas asignaturas instrumentais.
- Apoio da mestra de AL: 2 sesións semanais dirixidas a un alumno con dislalias.

Este curso realizóuselle a avaliación psicopedagóxica ao alumnado ao que se lle detectou dificultades de aprendizaxe ou necesidades educativas.

### **Necesidades e propostas de mellora**

No proxecto do coidado do centro, sería moi interesante que o alumnado de 1º se iniciara na limpeza e coidado da casaña.

Desenvolver actividades relacionadas coa horta.

Seguir facendo actividades nas que supoña implicar ás familias, convidándoas a vir á escola para ensinar e compartir os seus coñecementos e habilidades.

### **2.1.2 Segundo ciclo**

#### **Avaliación dos obxectivos xerais. Grao de consecución dos obxectivos propostos**

Os obxectivos propostos na Programación Xeral Anual leváronse a cabo de forma satisfactoria na súa gran maioría, tanto no referente ás actividades propias das aulas como aquelas comúns ao resto do centro.

**Educación no respecto e concienciación da necesidade de protección e coidado do Medio Ambiente.**

#### **Actividades para a súa consecución**

- Traballamos “a horta” en 4º para coñecer diferentes plantas presentes na natureza e na

contorna, así como o seu cultivo e coidado e cal é a tempada de cada un dos cultivos...

- Dinamizamos e reforzamos o espírito da Recollida selectiva do lixo: papel, pilas, materia orgánica e plástico.
- Dende a aula de 3º traballamos a importancia do consumo responsable e a súa repercusión no coidado do Medio Ambiente. Tamén formentamos a reciclaxe, a reutilización realizando actividades con materiais de reciclaxe.

### **Estudo do Medio comezando pola contorna máis próxima. Concello e Comarca.**

#### **Actividades realizadas para a súa consecución:**

- Tráballose o patrimonio e aspectos xeográficos e históricos que tamén se fixeron fincapé na saída realizada a Salvaterra onde os alumnos e alumnas de 4º aproveitaron para ver o Museo do Viño, así como aspectos referentes ó comercio e os diferentes sectores económicos da nosa contorna. Foi sen dúbida unha saída moi proveitosa.
- Ademais o traballo de “Lerías e enredos doutro tempo” coa respectiva colaboración na exposición, tamén contribúe á consecución do estudo da contorna, xa que moitos dos alumnos contribuíron a dita exposición con diferentes xogos recollidos no entorno familiar.

### **Educación na nosa lingua, fomentando o seu uso tanto no centro como fóra del.**

#### **Actividades para a súa consecución:**

- Ao longo do curso escolar, traballáronse as exposicións orais dentro do ciclo a través do proxecto de centro, de asembleas de aula, explicación de anécdotas, vivencias persoais, exposición de traballos orais...
- O alumnado de 3º e de 4º participou nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca (PLAMBE), así como nas que foron propostas pola participación do centro no programa XOGADE
- Para conmemorar o día de Rosalía, escolleuse un poema que se traballou a nivel grupal, deste xeito os nenos e nenas de 3º prepararon un programa da Radio Escolar adicado a Rosalía e neste día recitaron varios versos de Rosalía.

- Nas aula de 4º investigaron sobre a constelación de Ofiuco, onde se atopa unha estrela que leva o nome da nosa insigne poetisa.
- Tras a lectura do libro Trece Avisos, asistiu ao centro a autora Paula Carballeira para contarnos historias de medo e asinar os exemplares. Resultou ser unha actividade moi gratificante e enriquecedora.
- Os alumnos de 3º traballamos en concreto sobre o aviso que máis nos gustou e fixemos unha actividade plástica para ese día, ademais de preparar unha serie de preguntas sobre o libro.
- Para as Letras Galegas traballouse na aula sobre a figura da homenaxeada polo Día das Letras Galegas deste ano 2024, Luísa Villalta.
- Levouse a cabo o Proxecto “Os nosos avós” que era unha proposta do curso anterior. Na aula de 3º tivemos a visita dun avó que nos explicou e nos deu varios consellos para cuidar o noso horto, pero o tempo non nos axudou a poder poñelos en práctica.
- No Día do Libro, cada un escolleu o seu libro favorito, ilustrou a súa portada para mostrarlle aos seus compañeiros e compañeiras e explicou, un a un, os motivos polos que ese era o seu libro preferido.
- Empregouse a lingua galega para a comunicación de carácter administrativo, entre o profesorado do centro e coas familias.

### **Educación para adquirir uns correctos e saudables hábitos alimenticios.**

#### Actividades para a súa consecución:

Desde as áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais traballouse o tema da alimentación a través do proxecto “Almorzos saudables”. Valoramos moi positivamente esta proposta aínda que, ás veces, as familias non lles mandan aos nenos e nenas os alimentos acordados para cada día.

“Reparto de produtos lácteos e froita”. Cumplíronse cos períodos programados. A avaliación final desta proposta é positiva.

### **Área de Proxecto Competencial.**

Os cursos de 3º e de 4º seguiron coa liña iniciada en cursos pasados de elaboración de proxectos grupais por clases traballando en relación aos intereses nunha temática común

trimestralmente.

Traballar actitudes de coñecemento, respecto e tolerancia cara os demais, fomentando deste xeito unha boa convivencia en todos os ámbitos da vida.

Na aula de 3º traballamos para resolver conflitos e favorecer a cohesión entre o alumnado mediante círculos restaurativos.

### **Actividades para a súa consecución:**

As dinámicas de grupo foron eficientes para a mellora das condutas. Poñerse no lugar da outra persoa e empatizar cos sentimentos alleos, fomentou un incremento do sentimento de compañeirismo e de equipo.

Facer asembleas construtivas, respectando a opinión de todos e todas, permitiu tomar conciencia da importancia de escoitar e de respectar a diversidade de opinións así como a quenda de palabra. Foi un exercicio moi positivo.

En ocasións, o equipo de ciclo non se reuniu tanto como lle tería gustado por diversos motivos, pero sempre abordaron os temas importantes de distintas maneiras.

A nivel de aula, cada curso contou cun delegado/a e subdelegado/a, cuxo labor aparece recollido no apartado de acción titorial do ciclo. Ambas figuras xogan un papel importante para a comunicación entre o/a docente e o seu alumnado, e para resolver pequenos contratemplos entre os/as compañeiros/as de clase.

En 3º e 4º os conflitos e pequenos incidentes solventáronse facendo asembleas na aula e a través da mediación escolar, que se implantou o curso pasado no centro e foi de gran axuda.

As/os mestras/es do ciclo realizaron actividades coordinadas nos Obradoiros e nas actividades do centro propostas polos equipos de Dinamización da Lingua Galega, de Actividades Complementarias e Extraescolares e Biblioteca.

### **ANEAE**

No 2º ciclo, algúns/algunhas alumnos/as necesitaron o apoio das mestras especialistas en PT, AL ou da mestra de PROA (recibiron apoio 4 alumnos/as de 4º de Primaria), así como doutras mestras ou mestres do centro que prestaron apoio na aula. Todos/as eles/as reuníronse para facer un

seguimento e coordinar as actividades deste alumnado, o que foi imprescindible para conseguir un bo rendemento dos mesmos.

Para coordinar os apoios realizouse unha reunión de preavaliación do/a titor/a cos mestres/as que impartirían apoio na súa titoría, preto das datas da avaliación e outra reunión no medio do trimestre, para revisar os apoios.

O labor, axuda e entrega de todos os profesionais, foi moi valiosa para o progreso académico e emocional do alumnado e das/dos titores, xa que facilitaron que o proceso de ensino-aprendizaxe se desenvolvea con máis tranquilidade e eficiencia.

## **OBRADOIROS**

O alumnado do 2º ciclo levou a cabo os obradoiros programados nas propias aulas, pero de forma coordinada entre os dous grupos. Estes foron os obradoiros impartidos polos/as mestres/as nomeados na PXA do ano 2023/2024.

- Traballos plásticos sobre xogos tradicionais.
- Traballos plásticos de outono (corticeira).
- Teatro.
- Elaboración dos disfraces de entroido.
- Traballos elaborados da autora convidada Paula Carballeira.
- Baile e teatro para o festival das Letras Galegas.
- Experimentos científicos.

## **PROXECTOS**

### **Ciencias Naturais e Ciencias Sociais**

- A horta escolar
- Microscopio USB. Descubrindo o mundo invisible ( non foi levado a cabo por falta de tempo)
- A nosa contorna O Concello e a Comarca: Salvaterra de Miño (3º e 4º curso)

Os cursos de 3º e de 4º levaron a cabo a maioría destes proxectos en función dos intereses e das actividades xurdidas ao longo do curso.

**Lingua castelá e lingua galega** (encamiñados á mellora da expresión oral e escrita)

- Lérias e Enredos: Ambos cursos realizaron textos escritos relacionados co proxecto e redactaron os pés de foto para o calendario 2024.
- Diario do alumno: O alumnado de 4º realizou un diario onde escribiu de forma espontánea o seu día a día. Foi unha actividade que tivo moi boa aceptación.
- Portfolio: Os alumno de 4º utilizaron un caderno onde traballaron diferentes tipos de textos que se levou a cabo durante todo o curso.

**Matemáticas**

Na área de matemáticas rematáronse os contidos plantexados no inicio do curso.

**SAÍDAS**

Leváronse a cabo todas as saídas, agás a do 2º Timestre (Ponteareas - Mondariz) quedando prevista para o curso 23-24.

- Xornada de CROSS en Guláns.
- Naturnova
- Estadio Abanca Balaídos
- Xornada de atletismo en pista.
- Mercado, Museo do Viño e Covas de dona Urraca (só 4º).
- Xornada de xogos populares na Canuda
- Conserveira ALBO na PLISAN
- Saída de fin de curso a Sanxenxo
- CEIP Antonio Carpinteiro de Arbo para asistir a unha exhibición de medios da Garda Civil, dentro das actividades do Plan Director.

Facemos fincapé no feito de que, tanto para o corpo de mestres/as como para o alumnado, as saídas son unha ferramenta crucial para o pleno desenvolvemento académico, emocional e social dos/as máis cativos/as.

**INFORMÁTICA**

Francisca Alonso foi a persoa responsable de impartir a sesión semanal de informática.

O alumnado do 2º ciclo, nunha sesión de Lingua castelá, tivo unha hora semanal de desdobre. Mentres un grupo acudiu á aula de informática para aprender o manexo básico do equipo, procesador de textos, pescuda pola Internet o outro quedou na aula coa/co súa/seu mestra facendo actividades de mellora da comprensión lectora.

### **RADIO ESCOLAR**

O alumnado do ciclo elaborou os seus guións radiofónicos para os programas de radio que se emitiron nos recreos e que lles foron asignados ao longo dos tres trimestres. As temáticas escollidas foron moi variadas dependendo da fesividade que se estivera conmemorando no momento no que lles tocaba ser os reporteiros do centro.

Os obxectivos didácticos desta actividade son: mellorar a lectura e a expresión escrita dos/as nenos/as e fomentar o traballo en equipo. A valoración desta actividade é moi positiva favorecendo a expresión oral dos nenos que teñen máis dificultades neste aspecto, foi un recurso moi motivador e gratificante.

### **ACCIÓN TITORIAL**

**Cos alumnos:** Os obxectivos propostos ao inicio do curso do alumnado acadáronse e foron traballados ao longo de todo o curso (normas de aula, organización de clase, hora de ler, uso da axenda escolar, encargados de aula...).

**Co profesorado:** De forma puntual, tiveron lugar reunións/intercambios con todas/os as/os mestras/es que daban clase na aula, para unificar criterios.

Recompilouse información de cada mestra/e sobre o alumnado, para as entrevistas coa familia de diversas formas (na folla adxudicada expresamente a ese fin, verbalmente ou en soporte informático).

Preparouse a elaboración dos recantos nas aulas ao principio do curso, os recantos de xogo foron enfocados a área de matemáticas, de lingua española e un recanto de xogos e ao longo do curso fóronse facendo cambios segundo as necesidades do día a día e da realidade da aula.

**Coas familias:** Levouse a cabo unha reunión de principio de curso coas familias, para facilitar unha toma de contacto co novo profesorado do centro, na que se lles explicaron os plans de

traballo, as normas da clase, as posibles saídas, etc.

Realizouse unha reunión ao longo do primeiro trimestre e nas primeiras semanas do 2º con todas as familias a nivel individual e posteriormente realizáronse reunións coas familias que se precisou en función das necesidades dos nenos/as. En todo momento, seguíronse as recomendacións establecidas.

### **Proposta de mellora para o vindeiro curso 2024/2025**

- Crear diferentes actividades axeitadas para os blogs e a aula virtual, de forma habitual.
- Queda pendente para o vindeiro ano a visita prevista para este curso ao Concello de Mondariz Balneario, para poder apreciar a importancia da Auga na nosa comarca.
- Non se levou a cabo o concurso de ortografía nin en galego nin en castelán, sería interesante a súa realización para o vindeiro curso pero se cadra debería cambiarse o formato para favorecer a participación de todos os alumnos e alumnas buscando un formato máis lúdico e menos memorístico.
- No vindeiro curso, para reforzar o cumprimento do “planning” dos almozos saudables poderíase poñer un apoio visual nas portas de cada aula para que o alumnado o vexa sempre.
- A proposta para o vindeiro curso sería continuar coa cantidade e calidade dos reforzos dados polo equipo de especialistas que entran en aula que fai posible que o rendemento dos alumnos e alumnas fora tan satisfactorio.
- Referente aos proxectos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais non se levou a cabo o proxecto Microscopio USB. Descubrindo o mundo invisible, polo que se pode implementar o vindeiro curso.
- Os mestres e mestras do 2º ciclo propoñen unha necesaria selección dos proxectos para non “sobrecargar” e poder realizar de forma máis profunda e prolongada os proxectos que o claustro considere máis atractivos e significativos para o alumnado.
- É recomendable seguir co Club de Ciencia xa que achega ese campo ao alumnado dunha forma moi atractiva, entretida e participativa, sen descoidar o seu carácter académico.
- Respecto ós proxectos de Lingua hai que mellorar o formato do “Meu Portfolio”, xa que os alumnos realizaron as diferentes tarefas que abranguen o portfolio, pero tiveron dificultade para a súa organización.

## OUTRAS ACTIVIDADES

- Participación no Club de Ciencia.
- Día da muller coa elaboración dunha noticia sobre unha muller relevante do deporte galego e posterior presentación no Salón de actos.
- Día de Rosalía: elaboración dun vídeo no que o alumnado do ciclo recitaba o poema “Adiós ríos, adiós fontes”.
- Participación na semana dos lácteos e nas Semanas da froita.
- Semana da prensa, elaboración dunha noticia.
- Biblioteca de Aula: en sexto e quinto nivel, a biblioteca de aula funcionou moi ben. Tamén os alumnos e alumnas traían os seus propios libros para a hora de ler, ou collíannos da biblioteca de centro.
- Lectura do libro de Paula Carballeira, “Trece avisos”. Visita da escritora, o 8 de maio.
- Programas de radio.
- Decoración das corticeiras nas diferentes festas.
- Visita ao IES do alumndo de 6º nivel.

## AULA DE INFORMÁTICA

Todo o alumnado do 3º ciclo, acudiu unha sesión semanal á aula de informática, para tratar de conseguir unha mellora da competencia dixital. Desdobláronse os cursos nos dous grupos.

Desde a aula de informática leváronse a cabo actividades encamiñadas á mellora das competencias claves matemática e lingüística, tales como a elaboración de presentacións e vídeos, nubes de palabras, manexo do dicionario dixital da RAG...

## SAÍDAS DIDÁCTICAS

- Saída a Ourense para recibir o premio Ponte Nas Ondas.
- Saída ao encontro de Ciberseguridade, na cidade da cultura en Santiago de Compostela.
- Saída ás parroquias de Soutolobre e Lourido para coñecer o xacemento de recente

- Na área de matemáticas ao igual que na área de linguas propónse a modificación do formato do concurso de Olimpíada Matemática, suxerindo a posibilidade de realizarse cun formato de carácter grupal, se cadra máis integradora. Referente a esta área propónse a recuperación dos proxectos que este ano nun puideron ser abordados ou se cadra a súa secuenciación, realizándose un por nivel do ciclo, garantíndonos a súa realización e a viabilidade a hora de poder levalos a cabo.
- Seguir coa mesma dinámica de mesturar grupos para facer os obradoiros.
- Revisión dos apoios segundo as necesidades do alumnado, e manterlle os apoios aos alumnos que xa gozaron deles este curso, no caso de ser necesario.
- Recoller a través do drive información de todo o profesorado para comunicarlle ás familias nas titorías.

### 2.1.3 Terceiro ciclo

#### **Obxectivos xerais. Grao de consecución**

O grao de consecución dos obxectivos xerais programados polo ciclo foi aceptable.

Traballouse: a autonomía persoal, a busca de información en distintas fontes, o coñecemento e a aceptación de sí mesmos e a autoestima, a integración no grupo e a aprendizaxe do uso dos dispositivos electrónicos en 5º nivel.

Ao longo do curso desenvolvéronse os proxectos programados na PXA.

A valoración global destes proxectos foi positiva xa que se potenciou a expresión, o vocabulario, a composición de textos e a ortografía.

- Participamos no concurso de fotografía matemática do IES (5º e 6º nivel)
- En proxecto competencial traballáronse as habilidades sociais e o proxecto anual de centro.
- En 6º de EP centrámonos en valores cívicos e sociais: a inclusión, o respecto á diferenza, os estereotipos e a propia autoimaxe e autoestima, asembleas de aula, visionado de curtas, para traballar as emocións, respecto, colaboración...

descubremento.

- Varias saídas e encontros do deporte escolar, Xogade.
- Visita a Santiago de Compostela a F.P Innova.
- Visita do alumnado de 6º ao IES.
- Saída á conserveira Albo
- Saída fin de curso á Sanxenxo “Aventura Dakart”.
- Saída a Arbo

### **OBRADOIROS/ÁREA DE PLÁSTICA**

Durante este curso traballamos coa modalidade de obradoiros. Dividimos ao alumnado do 3º ciclo en tres grupos que foron rotando ao longo dos tres trimestres. Leváronse a cabo todos os obradoiros propostos na PXA.

### **ACCIÓN TITORIAL**

Leváronse a cabo todas as actividades programadas na PXA, tanto co alumnado como coas familias. Coa maioría das familias a comunicación e a colaboración foi cordial e foron moi participativas.

### **NEAE**

- En 5º, recibiron apoio por parte da mestra de PROA, 5 alumnos/as. Ao longo de todo o curso a mestra de PT atendeu a 7 alumnos.
- En 6º, durante todo o curso recibiron apoio a través do programa PROA, 3 alumnos/as. A mestra de PT Atención Preferente traballou con 2 alumnos.

### **Propostas de mellora para o vindeiro curso 2024/2025**

Equipar as aulas de 5º e de 6º con varios equipos informáticos á disposición do alumnado.

- Retomar as exposicións orais, inter-clases.
- Seguir traballando o noso patrimonio material e inmaterial a través da exposición da

xornada de portas abertas e do calendario.

- Seguir traballando con obradoiros xa que estes favorecen a diversidade de actividades e optimizan o tempo e o número de actividades que se realizan no centro.
- Reforzar o coidado e limpeza das aulas e do patio, por medio dos detectives verdes.
- Seleccionar proxectos de traballo que sexan significativos para o alumnado, para non sobrecargar.

#### **2.1.4 Educación física**

##### **Avaliación do grao de consecución dos obxectivos propostos**

Os obxectivos mínimos (os mínimos de consecución) foron alcanzados pola totalidade do alumnado do centro.

As clases de Educación Física fóronse axustando á programación inicial en contidos pero non na temporalización que tivo que ser modificada de xeito constante no 3º e no 2º ciclo para adecuarse ás actividades propostas dende ADECONPAR e polos diferentes imprevistos xurdidos ó longo do curso.

En canto aos obxectivos da área destacaríase que traballamos a consecución e consolidación de aspectos fundamentais como:

- A hixiene corporal.- Debendo asearse despois da aula de EF nos tres ciclos.
- A actividade física como hábito xerador de benestar físico e mental.
- A aprendizaxe de novos xogos como alternativa de ocio e lecer e como axuda a un desenvolvemento motriz máis completo.
- Potenciar actividade física artístico expresivas como baile, acrosport ou expresión corporal entre outras que en moitas ocasións non se lle dá o peso que lles corresponde.
- Coñecer e aceptar que a Educación Física é unha estupenda ferramenta para relacionarse cos demais establecendo relacións de cooperación e entendemento cos demais.

##### **Análise das dificultades**

As principais dificultades atopadas ao longo do curso foron:

- Referentes á organización e adecuación da planificación ás instalacións, deste xeito cando a climatoloxía é adversa en ocasións hai que modificar a programación e ter un plan B que

poda ser levado a cabo no ximnasio cos grupos altos.

- A organización e almacenaxe do material, xa que a zona para elo resulta insuficiente. Cóntase cunha sala de material pero está no edificio no que se imparten as clases e que se atopa afastado do ximnasio e isto en ocasión dificulta a realización de determinadas sesións.
- Estou moi satisfeita da actitude adoptada por parte do alumnado pero ao longo do primeiro trimestre costoulles acadar os hábitos de aseo e cambio de zapatillas, sobre todo nos niveis máis baixos.
- O primeiro ciclo son dous grupos moi heteroxéneos e participativos pero a maior dificultade que atopei ao longo do curso foi que adquirisen hábitos de escoita e de comportamento, sobor de todo en 1º. Atópolles progresión pero aínda teñen moita capacidade de mellora. Se conseguen acadar este aspecto mellorarán en calidade e cantidade de tempo motor na sesión. Nestes dous cursos traballouse fundamentalmente a adquisición do esquema corporal, a lateralidade, a percepción espacio-temporal, o equilibrio.
- No segundo ciclo diferenciaremos 4º no que temos unha alumna con NEAE que hai que ter moi en conta á hora de planificar as diferentes sesións de EF, xa que presenta bastantes dificultades a nivel motor e cognitivo e precisa en todo momento a nosa axuda. Por outra banda, temos un alumno TEA (Aspeger), que ao longo do curso tivo diversos episodios cun comportamento pouco axeitado e que mellorou cara a fin de curso, todo isto dificulta en grande medida o correcto desempeño da labor docente neste grupo - clase. A progresión deste grupo foi positiva. Terceiro nivel, foi un grupo moi participativo e implicado no desenvolvemento das sesións, pero con moita dificultade na escoita e na capacidade de atención, experimentaron unha gran melloría neste aspecto ao longo do curso.
- Con ambos cursos traballouse fundamentalmente as habilidades motrices básicas, a iniciación deportiva, sen deixar de lado as habilidades cualitativas do movemento.
- No 3º ciclo cabe destacar as dificultades que supón ter un grupo tan pouco numeroso en 6º nivel, xa que en diversas ocasións condicionaos de cara a realización de xogos e tarefas.

### **Análise dos resultados obtidos e das actividades realizadas**

En liñas xerais a valoración do curso 23-24 foi positiva. Leváronse a cabo a gran maioría das

unidades programadas, salvo algunhas no 3º ciclo, que tiveron que ser suprimidas. O comportamento do alumnado conforme foi avanzando o curso foi mellorando posibilitando a adquisición dos obxectivos significativamente.

A nivel académico os resultados foron satisfactorios e apreciouse unha progresión na consecución dos obxectivos ao longo de todo o curso.

Moitos alumnos mostraron unha gran melloría aprendendo coreografías no segundo trimestre, ou adquirindo as destrezas básicas de moitos dos deportes cos que participamos no deporte escolar.

Este foi o segundo ano que se implementou, dentro do Plan Proxecta, o “Proxecto de vida Activa e deportiva”, o que nos posibilitou a participación en programas como o Xogade a través de ADECONPAR (Asociación Deportiva Escolar do Condado e Paradanta). A valoración da participación é moi positiva xa que isto posibilitou a realización de moitas saídas para implementar os deportes traballados nas aulas e poder desfrutar de xornadas de convivencia con outros centros da contorna.

Deste xeito participouse:

- No Cross escolar que se levou a cabo a derradeira semana de xaneiro, no que participaron os alumnos de 3º e 4º o 22 de novembro, o venres 23 de novembro os nenos de 5º e 6º.
- Tamén se realizaron dúas xornadas intercentros, unha co CEIP Pazo Marquesa da Mercé e outra co CEIP de Leirado, na primeira xogamos ao floorbal e ao basket e levouse a cabo no noso centro e a segunda realizouse en Leirado e xogouse a fútbol e ao balonmán.
- Fíxose unha Xornada de Xogos Populares no parque da Canuda na que participamos todos os centros da contorna, deste xeito, ao igual que no Cross do 23 de maio, participou o alumnado de 3º e 4º e o 24 de maio o de 5º e 6º.
- Por outra banda, o día 5 de xuño, visitamos o campo de golf de Mondariz onde o alumnado de 5º recibiu noicións básicas deste deporte.
- O alumnado de 4º e 5º tamén participou na Xornada de Atletismo en pista cuberta que se realizou no IFEVI o 8 de abril.
- Xornada de promoción de bádminton para todo o alumnado de 5º e 6º, levado a cabo o 11 de marzo no Pavillón Álvaro Pino en Ponteareas.
- O alumnado de 5º e 6º acudíu tamén á que nos permitiu participar no torneo zonal que se levou a cabo en Ponteareas e á que acudiron tres representantes masculinos e tres femininos

do noso cole e que se levou a cabo o 23 de marzo de 2023.

- Recibimos tamén a visita de diversos clubs da zona a través de “Coñece o meu club” para a promoción e difusión de varios deportes como: Clube de Baloncesto de Salceda, o clube de Bádminton de Pontareas, o clube de Piragüismo Penedo.

### **Propostas de mellora para o vindeiro curso 2024 - 2025**

- Mellorar a dotación de material específico da área, xa que moito está deteriorado. Ao longo deste ano non se adquiriu practicamente ningún material. Precisaríase renovar con maior urxencia o seguinte material polivalente: aros, balóns polivalentes de bote para primeiro e segundo ciclo fundamentalmente, renovar indiacas, volantes de bádminton, unha rede nova, ladrillos de psicomotricidade, freesbes de foam, cordas de psicomotricidade...
- Renovar a cordaxe dalgunha das canastras de baloncesto e a alfombra que está no interior do ximnasio que xa está deteriorada, (sería interesante unha vinílica que se puidera fregar e que non se desfai).
- Habilitar un almacén de Educación Física de fácil acceso dende o ximnasio que permita ter o material de EF en orden e a man para a realización das clases de Educación Física.
- Acabar de cubrir a pista polideportiva xa que permitiría a práctica idónea de diferentes disciplinas deportivas como o bádminton, así como un espazo idóneo para a práctica deportiva para os cursos superiores xa que o ximnasio quédase pequeno para o 3º ciclo.
- Continuar coa mellora dos patios do centro para maximizar as posibilidades que nos oferta este centro, que conta cun patio espectacular e cun entorno natural privilexiado. Entre esas melloras, algunhas das suxerencias son: realización dun circuío de xogos populares que pode estar permanente e que permita a dinamización do patio; colocar mobiliario de patios en madeira específica que permita a escalada, equilibrio, unha zona de aula exterior...; realización dun rocóromo nunha das paredes da pista polideportiva que permitiría a práctica desta disciplina, sinalización dos bancos da amizade, colocación de tobogáns que comuniquen a pista de terra co bosque, circuío arbóreo no bosque...
- Pintar o patio incluso marcando un circuío de Educación Vial e no centro conservar xogos que permitan diversificar a oferta lúdica do alumnado.
- Tamén podería ser interesante habilitar o salón de actos como zona de xogos para os días de chuvia no inverno e así darlle uso aos xogos de mesa que non teñen cabida na biblioteca.
- Seguir coa iniciativa dos torneos/ligas internas.

- Dinamizar o patio establecendo caixóns ou bolsas de material para os diferentes cursos (un por curso) responsabilizando cada semana, a un alumno/a da aula de este material.
- Comezar a realizar patios inclusivos para favorecer a adquisición de mecanismos de socialización naquel alumnado que o precisa e con máis dificultades, e na integración dos xogos e nas dinámicas de aula.
- Solicitar material de psicomotricidade á Consellería no prazo establecido para elo ao inicio do curso escolar.
- Poder levar a cabo a totalidade das probas DAFIS e poder colgar os resultados na aplicación de cara a apreciar a progresión do alumnado ao longo da primaria e poder ver o risco de saúde do nosos alumnado. Este ano por diversos motivos non se puido levar a cabo a totalidade das probas en tempo.
- Valorar a participación en outras modalidades do Xogade como son o A milla diaria, en bici á escola ou máis e mellor actividade física Móvete+.
- Realizar unha Unidade Didáctica de Primeiros Auxilios para o alumnado e barallar a posibilidade de recibir formación, tamén externa ao centro, de técnicos sanitarios.
- Procurar realizar Xornadas de Educación Vial en colaboración coa Policía Local e as entidades pertinentes.

### **2.1.5 Educación musical**

Continuando coa liña de traballo dos anos anteriores, os principais obxectivos foron a sensibilización do alumnado para o gozo individual e colectivo a través da música, o coñecemento do seu propio folclore e favorecer a percepción e expresión musical do alumnado. As pautas para acadalo foron semellantes ás dos cursos anteriores, traballando con audicións activas, danzas xeograficamente próximas ao alumnado e interpretacións de creacións propias e alleas a través dos instrumentos dispoñibles na aula de forma individual ou en conxunto, así como a fruta doce.

O traballo rítmico foi o principal motor da meirande parte das actividades a través de tarefas de desenvolvemento neuropsicomotor. Desenvolvéronse a partir do corpo e do movemento co resto de actividades vocais, instrumentais e auditivas.

Ademais, traballáronse diversos aspectos musicais e instrumentais con actividades e xogos utilizando as novas tecnoloxías das que se poden dispoñer na aula de música e materiais/instrumentos manipulables. Continuouse a participar nas distintas actividades propostas

desde o equipo de actividades complementarias e extraescolares así como polo equipo de biblioteca:

- Colaboración na festividade de Nadal: o resultado final de todas as actividades e estándares traballados neste primeiro trimestre foron mostrados no festival de Nadal. Leváronse a cabo unha serie de actuacións por ciclos: de expresión corporal, percusión instrumental e algunha canción. Neste festival interpretáronse as actuacións preparadas nas titorías e outras preparadas na materia de música.
- No Entroido fíxose un desfile polas rúas de Salvaterra bailando diferentes coreografías traballadas na aula de música.
- Participación no festival das Letras Galegas con pezas tradicionais galegas, e a elaboración dun rap adicado a Luísa Villalta.

### **Necesidades e propostas de mellora**

- Continuar colaborando cos distintos equipos do centro na celebración de datas sinaladas.
- Convidar ao centro a algún grupo musical, solista ou facer algún obradoiro de percusión.
- Seguir actualizando algúns dos instrumentos da aula (baquetas, instrumentos de pequena percusión, materiais manipulables para traballar a linguaxe musical convencional...), co fin de poder aumentar o número de instrumentos presentes para o traballo instrumental cos nenos e nenas do centro.
- Realizar saídas complementarias para asistir a concertos ou musicais.
- Rematar de acondicionar a nova aula de música con cartaces, diversos libros musicais...
- Mellorar o sistema de audio da aula.

#### **2.1.6 Lingua estranxeira. Inglés**

Na clase de inglés empregáronse as TICs ao longo do curso como soporte e complemento ao material ordinario de clase.

Animouse ao alumnado a ver películas, animacións, e escoitar música en inglés, como actividades de reforzo e ampliación na aula, e no seu tempo de lecer, de modo que a exposición á lingua inglesa fora a máxima posible. Así mesmo, con idéntica finalidade, facilitóuselle a todo o alumnado o acceso a actividades de repaso e ampliación na web da editorial do noso libro de texto,

MacMillan.

Reestructuración da base bibliográfica na aula de inglés, e paso de toda ela para a biblioteca do centro centralizada na “English Corner”, xunto con unha renovación de libros , expurgo dos necesarios e reemprazo daqueles deteriorados.

As estratexias metodolóxicas empregadas incluíron, para os alumnos e alumnas de 1º curso, a recreación de situacións e contextos nos que o alumnado responda actuando: “Resposta Física Total” (TPR: *Total Physical Response*), xa que a comprensión auditiva debe ser desenvolvida na súa totalidade antes de calquera resposta oral, de xeito que as habilidades na segunda lingua poden ser rapidamente asimiladas mediante a estimulación do sistema cinésico- sensorial, defendendo que a comprensión da linguaxe falada debe ser desenvolvida antes ca expresión oral da mesma.

Por outra banda para os alumnos de 1º e 2º, a metodoloxía ampliouse a través da incorporación de contos en lingua inglesa, de cara ao emprego do “Enfoque Comunicativo” (Communicative Approach) que se leva a cabo a partires de 3º de primaria, na que o desenvolvemento da lingua estranxeira ten lugar por medio da interacción entre mestra e alumnos/as, así coma a importancia outorgada ás experiencias persoais dos estudantes xa que contribúen á aprendizaxe.

É importante destacar que no caso do 1º e 2º curso, o libro de referencia foi “Heroes” e, chegando a rematar todas as unidades didácticas propostas , coa adquisición do nivel competencial requirido nesta materia, e con reforzo mediante xogo-lúdico-musical de estruturas e vocabulario traballado.

No caso do 3º nivel, o libro de referencia ao longo do curso foi “Heroes”. Neste curso a metodoloxía dun aprendizaxe baseado na experimentación tendo en conta os ODS 2030 dende una sostenibilidade , traballamos as receitas,desde un laboratorio creativo culinario, onde o reforzo de vocabulario,estructuras e adquisición de experiencias ludico-activas foi necesario dado que o libro foi moi denso ,sen chegar a rematar todas as unidades, sen inferir esto o nivel competencial requirido nesta materia. Pero si ,un repaso de estruturas base necesarios para o avance no libro e workbook.

En 4º curso o libro de texto foi o “Heroes” da editorial MacMillan . Non se chegaron a rematar todas as unidades propostas. A pesares de non ter rematadas todas as unidades didácticas propostas por falta de tempo, isto non interferiu coa adquisición do nivel

competencial requirido nesta materia.

A nivel lingüístico incluíronse actividades de reforzo e estimulación nos diferentes cursos a través de contos, bingos, “image searches”, xogos, tics, cancións, e materiais complementarios que potenciaron a escoita activa nesta lingua, así como a partir do 3º curso, tamén se levou a cabo a práctica de concursos de deletreo na procura dunha mellor pronunciación e fluidez na lingua.

A partires de 5º curso e nos cursos superiores utilizáronse as TIC por medio dunha aplicación chamada PLICKERS que nos servía para facer preguntas de repaso de contidos xa explicados anteriormente, como actividades de reforzo e afianzamento dos conceptos que se estaban traballando nese momento. Así mesmo, en 5º e 6º niveis, ao estar incluídos dentro do programa E-DIXGAL dispoñían cada un de cadanseu ordenador, polo que se aproveitou para aprender a utilizar dicionarios bilingües online e deixar un pouco de lado o tradutor de google, xa que non sempre é eficaz no seu uso.

Ademais, a pesares de pertencer ao programa E-DIXGAL, cabe dicir que non se utilizou o contido dixital incluído na plataforma, por non ter actividades nin contidos explicados de maneira efectiva, polo que se seguiu utilizando material impreso. A editorial de referencia foi Macmillan que deu acceso a cada alumno e alumna ao libro dixital HEROES que foi o utilizado durante este curso.

Así mesmo, participouse na elaboración dos programas de radio da emisora escolar, cando así estaba programada, con temas de interese para o alumnado.

#### **Propostas de cara ao próximo curso:**

- Continuar co emprego das TICs e tentar sacarlle máis proveito ao novo panel interactivo instalado na aula de inglés.
- Incluír nalgún dos festivais que se realizan na escola, con motivo das celebracións de Nadal, cancións en lingua inglesa.
- Continuar co apoio dentro da aula de inglés, se a dispoñibilidade horaria do profesorado o permite.
- Utilizar os recursos que pon a nosa disposición a plataforma E-DIXGAL en 5º e 6º nivel.
- Dotar de novo material á aula de inglés.

### 2.1.7 Relixión católica

As clases de relixión católica leváronse a cabo con normalidade seguindo a programación de aula e acadando os obxectivos previstos. O material proporcionado ao alumnado foi recompilado de diversas fontes: internet e copias de diversos libros de texto dos cales debo salientar a atención á diversidade da editorial Anaya.

Neste curso, ademais das sesións de clase programadas para cada nivel realizáronse as seguintes actividades:

- En outubro, con motivo do día Internacional do espazo e coincidindo co tema “A creación”, traballamos os planetas no terceiro nivel.
- En novembro, traballamos a violencia de xénero e os tipos de violencia. O alumnado de quinto foi o encargado da realización do mural da biblioteca.
- En Nadal, montamos un Belén na entrada do colexio. O alumnado de 4º elaborou o guión do programa de Radio “Especial Nadal”.
- No Día da Paz, traballouse o caderno de valores “Que viva la paz!!!” en 3º e 4º. Aprendemos que a paz implica ter un entorno libre de violencia e que existe unha paz interior en cada un de nós, a cal nos permite dialogar e encontrar as mellores solucións ante calquera conflito. Tamén aprendemos que para estar en paz co mundo primeiro temos que estar en paz con nós mesmos. O alumnado de 3º elaborou o programa de Radio “Especial día da Paz”. O alumnado de 1º e 2º traballaron a Gandhi.
- O 20 de abril co motivo do día da terra, coñecemos a Greta Thunberg.
- Traballouse o acoso escolar en todos os niveis a través do programa educativo “Somos únic@s” da fundación colacao. En 1º e 2º traballouse o conto “Oreallas de Bolboreta”, en 3º, 4º, 5º e 6º a curtametraxe “El Sándwich de Mariana”.
- Relacionado coa educación emocional e nos meses de maio e xuño vimos e traballamos diferentes películas e curtametraxes: “El circo de las Mariposas”, “Planta cuarta”, “La vida es Bella”, “El niño con el pijama de rayas”, “Wonder”

Debido á necesidade social de traballar a educación en valores de maneira globalizada en todas as áreas do currículo, considero fundamental seguir enfocando a Relixión Católica na

consecución de valores que permitan formar persoas autónomas, críticas e con pensamento propio. Este curso, en cuarto nivel, ademais da programación traballei algúns valores (compaixón, humildade, solidariedade) ademais doutras curtametraxes coma "Mis zapatos", "Cuerdas"... e a película "La vida es bella", onde traballamos o Holocausto xudeu e o amor incondicional e respecto cara a familia.

Ao longo do curso participouse nas diferentes actividades organizadas e propostas polo EDLG, equipo de biblioteca, equipo de actividades complementarias e extraescolares,

En sexto nivel traballamos sobre as curtas "El Circo de las mariposas", "Adriana Macías" e a película "Cuarta Planta". Gustaron moito e motivaron ao alumnado ensinando a importancia da superación na vida a pesares das dificultades que nos xurdan (os protagonistas son todo un exemplo de superación). Propoño seguir nesta liña no vindeiro curso.

A avaliación tivo carácter continuo e formativo tendo en conta a realización e participación do alumnado nas actividades. En xeral, a actitude dos alumnos foi moi positiva e participativa.

### **Propostas para o vindeiro curso**

- Seguir a traballar valores mediante a visualización de películas.

## **2.2 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA**

Ao longo do curso deseñáronse diferentes actividades encamiñadas ao fomento do uso do galego entre a comunidade escolar, a enriquecer a contorna sociolingüística do centro e potenciar, no profesorado, unha actitude normalizadora da lingua galega na súa actividade docente:

### **1º trimestre**

- Elaboración da **I addenda ao IV Proxecto lingüístico do centro**.
- Proxecto anual de centro "**Lerías e enredos doutro tempo**". O proxecto comezou en outubro. Envióuselle unha nota ás familias solicitándolles a súa participación achegando fotografías relacionadas coa temática. Unha vez rematado o prazo da entrega de fotografías comezamos a traballar nas aulas: buscaron información sobre as fotografías e elaboraron os

pés de foto de cada unha delas, traballando así a expresión escrita. Cabe salientar a valiosa disposición das familias aportando infinidade de fotografías que despois nos serviron para traballar ao longo do curso nas diferentes actividades propostas. No mes de xuño, a gran maioría desas fotografía foron enviadas á Asociación Ponte... Nas Ondas! para participar no seu concurso anual sobre a conservación do Patrimonio inmaterial de Galicia.

- En colaboración coa Comisión do Magosto e o resto do profesorado, continuouse coa realización dunha **exposición de obxectos antigos relacionados co proxecto anual**. Esta exposición víñase realizando todos os anos ata que por mor da COVID-19 houbo que deixar de facela. Estivo relacionada co noso proxecto de centro **“Lerías e enredos...”**, grazas á aportación de distintos elementos e materiais que as familias do alumnado e profesorado foron achegando ao centro.

Valoramos moi positivamente esta actividade por:

- A alta implicación e participación de toda a comunidade educativa.
- O aproveitamento desta actividade para a posterior aprendizaxe nas aulas, coa creación de materiais audiovisuais, textos, descrición de obxectos, aprendizaxe de vocabulario e creación de materiais audiovisuais cos seus traballos para facer públicos a través da web do centro.
- **Concurso Coco-Alxén**, en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias coa temática do proxecto. Consiste en decorar as cabazas para celebrar a festa popular galega do Samaín. Houbo tres premios por ciclo, entre eles , un premio especial para aquelas cabazas que estiveran relacionadas co tema do proxecto.
- Elaboración do **calendario escolar do ano 2024, coa temática do proxecto de centro “Lerías e enredos...”**. O alumnado participou na elaboración dos pés de fotos e pequenos textos explicativos para cada mes do ano, despois do laborioso traballo de investigación de cada unha das fotografías. Finalmente, entregouse un exemplar a cada familia e institucións da zona. Foi valorado moi positivamente, coma todos os anos, e foi agardado polas familias e o alumnado con grande expectación.
- Traballo, no primeiro nivel, arredor de **Carlos Casares**, autor que da nome ao cole e dedicación dun **“Recanto literario”** ao que se foron incluíndo outros autores (madríña de aula, Rosalía, Autor homenaxeado nas letras galegas...).
- **Lectura dun libro de Carlos Casares** en cada nivel propostos no proxecto lector.

- Elaboración da listaxe de libros dos autores convidados: Ramón D. Veiga para 1º e 2º e Paula Carballeira para 3º, 4º, 5º e 6º para que o alumnado llos pedira a os Reis Magos.
- Elaboración e distribución ás familias do **díptico En Nadal Agasalla (en) galego**, con diversas propostas de lectura, música, cine... en colaboración co equipo de Biblioteca.
- Organización, en colaboración coa ANPA da escola, da **visita do Apalpador (Anxo Moure)**, o personaxe típico galego que protagoniza as festas navideñas na compañía do Pandigueiro. Recibímolos no salón de actos, onde nos puideron contar a súa historia e agasalláronnos cun xoguete de madeira para xogar en grupo.
- Celebración do **festival de Nadal** con obras de teatro en galego.
- **Distribución dos artigos da revista escolar “Néboa”** entre todo o profesorado do centro, garantindo así a participación de todo alumnado. Esta revista foi impresa e entregada ao alumnado na semana das letras galegas.
- Redación do **Proxecto de fomento do uso do galego** convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

## 2º trimestre

- **Recompilación de lembranzas de ex-alumnos**, sobre o seu paso polo colexio que pasarán a formar parte da revista escolar
- **Estudo dos/as autores/as que apadriñan/amadriñan as aulas**. Traballos plásticos e lectura dalgún libro dos distintos autores/as que apadriñan/amadriñan as aulas. Cada nivel educativo traballou a obra dun autor/a da nosa terra: Fina Casalderrey, Manuel María, Milagros Oya, Agustín Fernández Paz, e Xosé Neira Vilas. Fixéronse exposicións e traballos de composición escrita en todos os cursos.
- **Elaboración dunha pomba da paz**: Cada alumno de cada nivel escribía nunha pluma de cor feita con papel, unha frase ou palabra que definira o que para eles era a paz. Todas esas plumas foron pegadas na silueta dunha gran pomba que permaneceu pendurada na entrada da escola durante o resto do curso escolar.
- **Día Mundial da Radio**, convocado pola asociación pedagóxica Ponte ...nas Ondas!! este ano coincidiu coas vacacións de entroido, polo que o centro participou co envío dun podcast sobre o entroido en Galicia.

- **Celebración do entroido coa temática do proxecto “Lerías e enredos doutro tempo”.**  
En colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, organizouse a celebración do **Entroido**, outra das festas tradicionais galegas. Deuse lectura ao pregón de inicio do Entroido e durante unha semana, o alumnado e as mestras viñeron ataviados cos complementos que ordeaba o meco. O xoves a ANPA convidou, como cada ano, a unha chocolatada con rosca a todo o alumnado. Por mor da chuvia, a fariñada tivo que ser adiada para máis adiante e o desfile que adoitaba facerse polas rúas de Salvaterra foi cambiado de sito e, este ano, desfilamos no pavillón de Leirado xunto co CRA A Lagoa e o CEIP Leirado. Os disfraces elaborounos o alumnado coa colaboración das mestras e das familias. No primeiro ciclo ían vestidos de buxainas emocionais, 2º ciclo de bolos, e o 3º do xogo do parchís, fichas, taboleiros e dados.
- **Ranchiño de Entroido:** a asociación cultural A Feira de Salceda de Caselas, á cal pertencen varias familias do noso centro, propúxose recuperar as tradicións das distintas celebracións anuais, entre elas, o rancho de reis e o rancho de entroido. O rancho de entroido é un baile tradicional no que bailan unha damas, uns cabaleiros e uns danzantes. O baile que é levado a cabo por nenos, chámase ranchiño, e isto foi o que viñeron mostrar ao alumnado da escola dous membros adultos desta asociación que, acompañados por varios nenos e nenas, fixeron unha demostración no pavillón.
- **Celebración do Día de Rosalía,** Sumámonos á proposta da Asociación de Escritores e Escritoras de Lingua Galega (AELG), #oamordapatriagalega. Decidimos adaptar as actividades propostas, o primeiro ciclo realizou murais nosque plasmaban unha poesía desta autora, no segundo ciclo, o terceiro nivel decidiu recitar con moito sentimento o poema “Adeus ríos, adeus fontes...” mentras que os de 4º nivel averiguaron que hai unha estrela co nome da grana poetisa galega, que pertence á constelación de Ofiuco, por último, o 3º ciclo, gravouse en vídeo nun día de choiva para dramatizar o poema “Adeus ríos, adeus fontes...”
- **Visita dos autores galegos; Ramón D. Veiga e Paula Carballeira.** A este respecto adquiríronse exemplares de distintos libros dos autores para traballar nas aulas. Isto supuxo a elaboración de diferentes actividades a nivel escrito e oral (composicións, dramatizacións, redaccións, murais, traballos literarios e plásticos...). 1º nivel decidiu ler “Violeta ás agachadas” e no 2º nivel leron “Miñooca e coello” de Ramón D. Veiga. En 3º, 4º e 5º e 6º “Trece de avisos” de Paula Carballeira. Esta autora foi adoptada como nova

madríña de aula, polo alumnado de 5º nivel.

### 3º trimestre

- **Revista escolar *Néboa*.** Os traballos en galego que o alumnado fixo ao longo do curso publícanse para toda a Comunidade Escolar. A revista serviu de escaparate para comunicar o que se fixo no centro, pero tamén para fomentar o gusto por escribir e ler. Destacar a participación de todo o alumnado e o profesorado do centro, así como de ex-alumn@s e a boa valoración da comunidade escolar do traballo realizado. A revista foi impresa e regalóuselle unha a cada familia nas Letras Galegas. Tamén está en formato dixital tanto no blogue de dinamización coma na biblioteca.
- Cabe salientar que, este ano, tendo en conta unha das propostas de melloras da memoria do curso pasado, conseguimos reducir o número de páxinas da revista, sen menosprezar a súa calidade nin a calidade dos artigos incluídos nela.
- **Semana das Letras Galegas.** Dende o EDLG facilitóuselle ao profesorado material sobre a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas (unidades didácticas, genially, vídeos...). Ademais, cada ciclo decorou a súa corticeira.
- **Festival Letras Galegas** con representacións teatrais e de expresión oral (recitado de poemas, rap, presentadores...) e outras actividades musicais.
- **O libro viaxeiro do Salustiano** en 1º nivel, coa finalidade de involucrar ás familias na súa aprendizaxe. Cada semana un neno/a levouno a casa e coa axuda da súa familia recolleu fotografías, debuxos, lendas, historias... Despois na clase o alumno/a coméntalle ao resto dos compañeiros o traballo que realizou coa familia.
- **O libro viaxeiro de Lérias e enredos** no 2º nivel, coa mesma finalidade que o anterior. Cada semana un neno/a levábao á súa casa onde, coa axuda da súa familia, describía un xogo ao que se xogaba na súa casa cando os avós ou os pais/nais eran cativos. Debían, a maiores de describilo, contar as regras do xogo e/ou escribir a retahila ou cantiga que tiña.
- **Elaboración da memoria para a xustificación da axuda concedida** ao Equipo no proxecto de fomento do uso do galego.
- **Preparación da axenda escolar** para o vindeiro curso 2024/2025.

### Conclusiones

- Un ano máis tratouse de seguir promovendo o uso da nosa lingua dentro do ámbito escolar e fóra del, a través das actividades descritas anteriormente. Dicur que se elaboraron todas as actividades propostas na PXA a excepción do día de xogos en galego.
- A valoración do traballo desenvolvido ao longo deste curso polo EDLG é moi positiva, se ben sería imposible levalo a cabo sen a boa disposición do Equipo Directivo, o profesorado e a colaboración das familias en todas as actividades propostas. Todos os documentos administrativos e as comunicacións ás familias redactáronse en lingua galega. Do mesmo xeito **potenciamos o uso da nosa lingua** dende as distintas áreas do currículo e nas relacións interpersonais mestra-alumno/a, entre as mestras e nas comunicacións mestras-familias. Foron moitas as actividades programadas polo EDLG, para potenciar a nosa lingua pero a realidade é, que cada curso, o número de alumnos/as que se expresa na nosa lingua é menor. Os nenos e nenas entre eles falan en lingua castelá e incluso cando se dirixen ás mestras empregando esta lingua. Esta situación require dunha reflexión de todo o claustro para valorar a situación e deseñar estratexias para que o galego sexa unha lingua viva no centro e un compromiso de todo o profesorado de utilizar a lingua galega, posto que debe ser un modelo a imitar polo noso alumnado. O próximo curso debemos elaborar a II addenda do cuarto proxecto lingüístico do centro, tendo en conta esta situación de baixo emprego da lingua galega.

### **Propostas de mellora**

- No relativo á organización da visita ao centro dun escritor/a galego debemos seguir mantendo a **visita de dous/dúas escritores/-as**, un para 1º, 2º e 3º e outro para 4º, 5º e 6º, xa que isto facilita a selección de libros axeitados ao nivel de alumnado e a organización de sinatura de libros polos/-as autores/-as.
- Seguir **actualizando o blogue** con cada unha das actividades propostas pois facilita o traballo á hora da realización da memoria do proxecto de fomento do uso do galego..
- Seguir coa impresión da revista a cor e manter entorn a 100 o número de páxinas da mesma así como entregar o guión e falar da súa elaboración en setembro para mellor organización do profesorado, sobre todo do profesorado novo.
- Traballar nas sesións de Valores, arredor do proxecto: recompilación de cantigas, refráns, lendas, diccionario pictográfico...
- **Reunión do equipo un martes ao mes para falar das actividades propostas.**

- Posto que o proxecto do centro debe partir dende biblioteca e moitas das actividades a levar a cabo son comúns (PDI, Día de Rosalía, autor homenaxeado letras...) consideramos que ambos equipos estean moi coordinados procurando que algún membro do EDLG forme parte tamén do de Biblioteca.
- **Asignar en setembro**, ben dende EDLG, Biblioteca ou equipos de ciclo, as distintas actividades relacionadas co proxecto a cada curso para asegurarnos que se levan a cabo.

## **2.3 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

### **2.3.1 Atención ao alumnado NEAE. Estratexias organizativas.**

O persoal do DO co que contamos foi necesario para atender ás diferentes NEAE que había no centro e ás novas incorporacións. Neste sentido, consideramos que é fundamental continuar no curso próximo con todo este persoal para atender de xeito axeitado as necesidades actuais coas que conta o centro e as novas necesidades que poidan ir xurdindo.

A reunión que se realiza anualmente entre a titora de 1º e as mestras de infantil para falar do alumnado que procede das súas escolas unitarias levouse a cabo telefónicamente nas primeiras semanas de curso.

### **2.3.2 Acción titorial**

Ao longo de todo o curso e, na maioría das titorías, fíxose un uso diario das axendas escolares.

Mantívose o cadro organizativo dos encargados de aula, colocado na corticeira destinada para tal fin.

Elaborouse un guión para a reunión de comezos de curso. A asistencia das familias foi maioritaria.

Este curso, as notas foron publicadas por Abalar e entregáronse os boletíns impresos aos nenos e nenas no 1º e 2º trimestre. No 3º foron enviadas impresas só a aquelas familias que así llo solicitaron ao titor/a.

As titorías leváronse a cabo de xeito presencial; a maiores, quen o solicitaba, facíase o seguimento por medio telefónico.

O alumnado de 6º asistiu á xornada de portas abertas que organiza o IES.

Este curso levouse a cabo a xornada de portas abertas para o alumnado novo procedente de Educación Infantil.

### 2.3.3 Contidos transversais

As actividades realizadas para acadar o obxectivo de concienciar ao alumnado na protección e coidado do **medio ambiente** foron:

- Recollida selectiva de plástico, materia orgánica, papel e pilas, solicitouse a participación no concurso Pilabot, pero non fomos admitidos.
- Participación na redución, reutilización e reciclaxe de obxectos e materiais.
- Elaboración da bolsa da merenda no 1º nivel, coa axuda familiar.
- Limpouse o horto dende a aula de 4º nivel que plantou e sementou diversos produtos de tempada.
- Actividades programadas e levadas a cabo dentro da **educación para a saúde**.
- Leváronse a cabo dúas Semana da froita e a maiores fixéronse obradoiros de cocifña na que a froita foi un ingrediente principal.
- Organizouse a Semana dos Batidos (do 16 ao 20 de outubro), na que se repartiron lácteos entre o alumnado. Ademais, o primeiro ciclo levou a cabo, durante todo o curso, a planificación de merendas saudables.

### 2.3.4 Convivencia escolar

Este curso continuose co Programa de Mediación entre iguais.

Durante as primeiras semanas de clase, establecéronse as normas de aula e elaboráronse os cartaces coas mesmas.

Continuidade da elección do delegado de aula.

Durante o curso pasado comezouse a implementar as prácticas restaurativas e nalgunha aula fixéronse círculos restaurativos semanais.

Fixéronse varias actividades encamiñadas ao fomento e á igualdade entre as persoas: un programa de radio adicado ao Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller”, a maiores, fíxose unha actividade na que todo o alumnado e profesorado do centro vestidos de negro con zapatillas desparelladas e unha pancarta co lema “#Non te deixes pisar” baixamos ao patio inclusivo onde fixemos un gran círculo collidos das mans mentres nos gravaba un dron e soaba unha canción. Emitiuse outro programa de radio polo Día da Muller e como actividade levada a cabo, cada aula do centro collía unha muller deportista e os nenos/as facían un traballo de investigación sobre ela para logo facer un artigo e un cartaz que sería exposto na porta de cada aula.

### **2.3.5 Documentos pedagóxicos**

Os documentos pedagóxicos elaborados durante o curso 23-24 foron:

- PXA, I Addenda ao IV Proxecto Lingüístico de Centro, Plan de orientación, Plan de atención á diversidade, a Concreción Curricular do Centro, Plan Estratéxico de Mellora (PEM), Plan de benestar e Memoria anual.
- Actualización do Plan Dixital do Centro, do libro de acollida ao novo alumnado e dalgún apartado das NOFC, que quedan pendentes de rematar e aprobar.

### **2.3.6 Propostas para o vindeiro curso**

- Seguir usando as axendas do colexio, por consideralas un medio ideal de comunicación escola-familia e de adquisición de hábitos de organización do traballo do alumnado.
- Seguir organizando a Xornada de Portas abertas nos vindeiros cursos, por considerar que, tanto para o alumnado acolledor como o alumnado acollido, é moi importante.
- Continuar coas semanas dos lácteos e froita.
- Rexenerar e estercar a terra do horto.
- Continuar co coidado e limpeza da casaña, por parte do alumnado do 1º ciclo.
- Formar aos novos mediadores: alumnado de 6º e algún docente máis, que exerza esta función e así poder atender a todas as necesidades.

- Priorizar a saúde emocional do alumnado.
- Elaborar o recuncho da mediación co alumnado mediador.
- Crear patios dinámicos.
- Crear unha patrulla verde, que teña como obxectivo manter o exterior do centro libre de lixo.
- Mellorar o aspecto das paredes do pavillón con murais colaborativos.
- Colocar polo patio encerados de xiz.
- Construír casiñas decorativas, partindo dos troncos das árbores secas.
- Colocar o céspede artificial arredor da casiña.
- Modernizar os elementos de xogo do patio infantil.
- Pintar os xogos do patio inclusivo.
- Crear un circuito de Educación Vial.
- Maximizar o recurso da mestra de Atención Preferente á hora de elaborar os horarios de 2º e 5º.
- Os mestres con dispoñibilidade horaria acompañarán aos NEAE nas especialidades que así o requiran.
- Coordinarse cos titores de infantil, para facilitar o paso á nova etapa: creación de recantos, recanto da calma, traballo en grupo.
- Insistir nas titorías do uso responsable da auga, do papel hixiénico, do xabón e dos produtos de hixiene feminina.
- Adquirir un desfibrilador para o centro.
- Seguir coa formación relacionada cos Primeiros auxilios.
- Establecer as Prácticas Restaurativas en todas as titorías.
- Crear o bibliopatio

#### **2.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Cómpre resaltar que o claustro móstrase moi motivado e participativo á hora de organizar actividades complementarias e extraescolares. Ademais dos grupos establecidos para a coordinación de todas as actividades, existe unha extensa colaboración de todo o claustro á hora de montar, recoller, sacar fotos e axudar nas bambalinas.

### 2.4.1 Actividades culturais

#### MAGOSTO E SAMAÍN

##### Actividades:

- Ambientación das aulas.
- Programa especial de radio.
- Exposición/concurso de cabazas decoradas.
- Xogos populares.
- Fogueira e asado de castañas no colexio.
- Publicidade do concurso “Coco Alxén”.
- Exposición de obxectos e traballos relacionados co proxecto anual do centro (Lerías e Enredos doutro tempo)
- Xornada de portas abertas e magosto coas familias.

##### Valoración:

As actividades propostas leváronse a cabo segundo a programación.

Seguimos a considerar esta celebración moi positiva. Para a realización dos xogos populares mesturáronse os grupos de nenos e nenas entre diferentes ciclos. Este ano a actividade realizouse no pavillón por mor da chuvia. O xeito de saltar a fogueira do curso pasado, foi adiado a semanas posteriores, situando varias delas no campo de terra (fogueiras de diferente tamaño), organizando por quendas o salto da mesma.

O concurso de cabazas contou cunha excelente participación coma todos os anos e gozaron da posta en escena do xurado. A entrega de premios por parte do xurado do concurso de cabazas fíxose na entrada do edificio, colocando o pódium alí mesmo coas gradas do centro.

Recuperouse a gran exposición de traballos e obxectos relacionados co proxecto anual do centro (Lerías e Enredos doutro tempo) no salón de actos da escola e este ano, tamén contamos coa colaboración de Pepe López e Manolo García que nos prestaron parte dos seus obxectos para exhibir na exposición “Xoguetes esquecidos”.

De igual modo volveuse a celebrar a xornada de portas abertas para que as familias puideran ver a exposición e traballos do alumnado. Durante esa xornada, por mediación da

ANPA do centro, celebrouse un Magosto coas familias con actuación dun grupo de baile da zona onde participan alumnos e exalumnos do centro.

**Propostas:**

- Que siga sendo o alumnado do 3º ciclo o que saia a recoller o bullo no monte colindante do colexio.
- Seguir colocando as cabazas xuntas por cursos nas escaleiras para axilizar o traballo do xurado.
- Manter a merenda do profesorado unha vez rematada a xornada escolar.

**NADAL**

**Actividades:**

- Ambientación dos espazos de uso común do centro.
- Programa especial radio “Especial Nadal”.
- Participación no “Amigo invisible”.
- Elaboración do nacemento desde a materia de relixión.
- Visita do Apalpador.
- Visita dos Reis Magos.
- Bingo de Nadal
- Festival de Nadal.
- Baile das mestras e mestres.
- Colaboración das familias na elaboración do Nadal familiar.

**Valoración:**

A celebración do Festival de Nadal tivo que levarse a cabo en dous pases pola extensión do mesmo. Isto permitiu que as familias que asistiron ao festexo puideran acudir á primeira parte ou a segunda o que fixo que non houbera unha gran aglomeración.

Esta celebración esperta moito interese, implicándose toda a comunidade educativa e sendo moi positiva a acollida da figura do Apalpador e a dos Reis Magos. A actividade do

“amigo invisible” crea moita expectación e están agardando que chegue o día con moita emoción.

### **Propostas de mellora:**

- Barallar a posibilidade de emitir en "streaming", para que o poidan ver as familias, a través dos seus ordenadores en calquera momento, sen ter a necesidade de estar fisicamente no colexio.
- Creación dun vídeo que resuma esta conmemoración para así darlle máis visibilidade ao noso Nadal nas redes.

## **ENTROIDO**

### **Actividades:**

- Lectura do pregón inaugurando o entroido.
- Disposición das ordes do Meco.
- Ambientación da aula.
- Programa especial radio “O entroido”.
- Chocolate con rosca.
- Fariñada e queima do Meco.
- Ranchiño de entroido por parte do centro cultural A Feira.
- Elaboración do testamento.
- Deseño e confección dos disfraces.
- Participación do entroido organizado polo concello.
- Participación no enterro da lamprea.

### **Valoración:**

Leváronse a cabo todas as actividades propostas. Decidimos que toda a comunidade educativa se disfrazara tendo en conta a temática de lérias e enredos doutro tempo. Segue a ser unha celebración moi motivadora para o alumnado. Novamente, tivo moi boa acollida a idea de ir á fariñada con gorro e gafas para protexernos mellor.

O desfile de entroido organizado polo concello, levouse a cabo no pavillón de Leirado por

mor da choiva, en conxunto con outros centros (CRA A Lagoa e CEIP de Leirado). Reunidos xa no pavillón houbo a lectura dun testamento conxunto confeccionados entre os diferentes centros, queima do Meco e actuación de cada colexio.

O desfile do enterro da lamprea foi todo un éxito, participou bastante alumnado tendo en conta que foi organizado en menos dun día.

## **LETRAS GALEGAS**

### **Actividades:**

- Ambientación de zonas comúns do centro e exposición dos traballos elaborados nos obradoiros de plástica.
- Programa especial radio “Letras galegas”.
- Música de entrada e saída.
- Traballo nas aulas sobre o autor. A comisión, en colaboración co EDLG, puxo material a disposición das titoras.
- Revista Néboa.
- Festival Letras Galegas.

### **Valoración:**

Leváronse a cabo todas as actividades propostas. Ademais do planificado e incluído na PXA, ao igual que no Nadal decidiuse dividir o festival en dous pases para evitar unha gran aglomeración das familias, podendo estas asistir ao que máis lles interesaba ou aos dous.

### **Propostas de mellora:**

- Darlle una maior visibilidade aos traballos incluídos na Revista Néboa a través de vídeos periódicos e posteriormente subilos a páxina web do colexio, nun formato que se poida ver todo o contido xunto.
- Creación dun vídeo que resuma esta conmemoración para así darlle máis visibilidade ao noso Nadal nas redes.
- Barallar a posibilidade de emitir os festivais por "streaming".

### 2.4.2 Saídas

Durante o curso académico realizáronse diferentes saídas buscando en todas elas un carácter lúdico-educativo.

Unha das saídas que se fixo ao longo do curso foi a Albo, unha conserveira situada na contorna do centro.

Este ano o centro tamén participou no programa Deporte Escolar que conlevou que o alumnado de todos os ciclos fixeran varias saídas para realizar diferentes actividades deportivas coa participación doutros centros da comarca.

Como é habitual, o alumnado do último curso fixo unha saída o día 6 de maio ao instituto do concello ao cal asistirán a maioría deles para coñecer o centro no que cursarán a etapa de secundaria.

A saída de fin de curso foi a Sanxenxo, a un parque de aventura, na cal participou todo o alumnado que así quixo e o profesorado.

Noutros puntos da memoria especificanse con maior detalle outras das saídas realizadas máis vinculadas cos ciclos ou con determinados plans e proxectos.

#### **Valoración:**

Todas as saídas realizadas foron ben recibidas e resultaron ser experiencias positivas para toda a comunidade educativa.

#### **Propostas de mellora:**

Establecer a saída de fin de curso durante os meses de setembro e outubro para contar cun maior abano de posibilidades e datas.

Aínda que non sempre é posible pola situación meteorolóxica e ser actividades xeralmente ao aire libre, tentar espallar máis as actividades de Deporte Escolar ou buscar alternativas para as mesmas en caso de choiva.

## **3 DINAMIZACIÓN DA CALIDADE DO ENSINO**

### **3.1 Dinamización das TIC**

#### **3.1.1 Aula de informática**

Seguindo a PXA para este curso, todo o alumnado acudiu de xeito regular á aula de informática. Leváronse a cabo desdobres en todos os cursos.

Decidiuse facer a formación permanente do profesorado para aprender o manexo do plotter de corte. En colaboración co alumnado creáronse diversos materiais para a visita d ePaula Carballeira, Xornada de portas abertas e agasallos para o alumnado e colaboradores da visita a Cabreira.

Parte das fotos e vídeos, das diversas actividades levadas a cabo, foron descargadas e clasificadas, no portátil da esquerda da sala de mestras. Foron subidas en galerías á web do Centro.

Calquera persoa que o desexe, pode descargarlas da web do centro.

Nos tres ciclos, ademais das actividades para a mellora da competencia dixital, tamén se fixeron actividades encamiñadas á mellora das competencias clave, matemática e lingüística.

Non se cumpriron os obxectivos de crear ou buscar contidos para facer un repositorio na web ou aula virtual do centro.

Non se descargaron todas as fotos que se fan cos móbiles das docentes, puntualmente.

Instaláronse dous equipo de Educadixital na aula de 4º adicados á búsqueda de información do alumnado.

#### **Propostas de mellora para o vindeiro curso:**

- Solicitar algunha actividade de formación para coñecer o funcionamento doutro material recibido dos Polos, dentro do PFPP, do vindeiro curso.
- Poñer en funcionamento a aula virtual do centro para que o alumnado teña a destreza suficiente e non lle supoña un atranco á hora de afrontarse ao E-Dixgal no IES. Este curso tomouse a decisión de deixar de ser un centro E-Dixgal.
- Manter unha comisión TIC para conseguir que os blogs e a web estean actualizados e subir as actividades que se leven a cabo no centro. Para que esto sexa posible, é imprescindible a colaboración de todo o equipo docente.
- Marcar nas planificacións mensuais unha reunión de ciclo, para subir recursos e descargar fotos.
- Continuar nomeando unha persoa encargada da cámara de fotos e de vídeo para mantelas

cargadas, gravar, descargar, seleccionar e clasificar os ficheiros gravados. Se alguén, por necesidade, ten que baleirar a tarxeta da cámara de fotos, prégase que se nomeen e se clasifiquen o máis detalladamente, os ficheiros, para evitar confusións.

- Seguir ofertando unha sesión semanal de informática a todos os grupos, nunha sesión de lingua ou lengua, en grupos desdoblados.
- Seguir solicitando máis equipos informáticos á Consellería para ir substituíndo os que temos porque están moi obsoletos ou mercalos co orzamento de Dixitalgal, se o permiten as instrucións de investimento desta partida. A día de hoxe, temos orde de que os cartos recibidos no curso 22-23 (8.558,95€) serán invertidos en pagar aos coordinadores dos grupos que están creando material para a plataforma CREAGAL. En breve recibiremos máis instrucións.
- Crear o recanto de acceso á información, cun ordenador portátil, cando menos, na aula de 1º e 6º nivel.
- Decidir onde se colocan o resto dos equipos recibidos de EducaDixital.
- Cablear a aula de informática con novos puntos de acceso á internet e á electricidade, de modo que se poidan instalar todos os materiais dos Polos dun xeito máis seguro.
- Facer uso dos materiais dixitais que estiveron creando os Asesores Adix.
- Evitar partillar fotos das actividades a través do grupo de Whatsapp e descargarlas puntualmente no cartafol destinado a tal fin no ordenador da esquerda da sala de mestres.

### **3.1.2 Emisora escolar**

Acadouse o obxectivo de garantir que todo o alumnado do centro teña contacto con este medio de comunicación, participando activamente na elaboración de guións radiofónicos e nas emisións de programas.

Fixéronse fotos e graváronse os programas semanais que logo foron subidos á web do centro.

Tamén se estableceron uns estilos musicais diferentes cada semana do trimestre para poñer música no recreo.

Comezouse a poñer música a primeira hora da mañá, cuns estilos de música determinados.

Os cambios de clase fixéronse cunha música que soaba, grazas a un temporalizador que estaba programado.

- Entre outros, emitíronse todos os programas que estaban programados na PXA. Salientar o programa de 2º curso, no que contamos coa presenza do pai dunha alumna do centro, en directo.
- Tamén se realizaron todas as actividades programadas na PXA. Unha das actividades que se levou a cabo, á primeira hora da mañá, foi dar previsión meteorolóxica diaria, tanto para o concello de Salvaterra como para toda Galicia.
- Participamos no Día Mundial da radio convocado pola asociación Ponte... nas ondas! co envío dun podcast sobre o entroido de Galicia.

#### **Aspectos valorados positivamente:**

- O Acceso a un servizo premium de música.
- O número de programas elaborados ao longo do curso.
- A periodicidade das emisións. A maior parte dos venres do curso.
- O cumprimento, por parte do profesorado, do calendario de emisións.
- Implicación do alumnado na realización de programas e control técnico da emisora.
- Correcto funcionamento das quendas d@s técnicos de 6º e 5º nivel.
- Responsabilidade demostrada polo alumnado nas quendas de recreo e de entradas e saídas.
- A emisión de música galega e /ou portuguesa durante os recreos dos mércores.
- A realización dos programas de radio na hora de ler, para así fomentar unha escoita activa semanal.

#### **Propostas vindeiro curso:**

- Cambiar o mobiliario da emisora.
- Pintar a emisora e colocar uns protectores nas paredes para non rozalas coas cadeiras.
- Colocar pelotas de tenis nas patas das cadeiras, para evitar ruídos.

- Incidir na importancia de facer os programas sobre os padriños e madriñas das aulas.
- Seguir colaborando coa Asociación Pedagóxica Ponte...nas Ondas!
- Continuar poñendo música á primeira hora.
- Incidir na música establecida para cada semana nos recreos.
- Manter os diferentes servicios musicais para ter un maior acceso a todo tipo de música.

### 3.2. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O noso centro entrou a formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares no curso 19/20 (PLAMBE 15) coa finalidade de poñer en valor a biblioteca do centro a partir da realización de diferentes actividades levadas a cabo ao longo do curso. A entrada no PLAMBE supuxo un grande cambio tanto na ubicación como no mobiliario. A biblioteca pasou da 1º planta a planta baixa cunha decoración e mobiliario moito máis atractivo e funcional. Actualmente a nosa biblioteca converteuse nun espazo máis inclusivo e accesible que da resposta ás necesidades de todo o alumnado, un espazo onde non só se favorece o fomento pola lectura senón tamén o desenvolvemento da creatividade, a manipulación, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación, que funciona como axente de compensación social e que segue en constante evolución. En definitiva, un lugar estratéxico para a innovación pedagóxica que proporciona a comunidade educativa múltiples recursos que permiten unha progresiva autonomía na aprendizaxe. Este curso continuamos coa participación nos programas Radio na biblio, Bibliotecas solidarias e Club de lectura e pedimos a maiores biblioteca creativa e lectura e familias que non nos foron concedidas. Dende a biblioteca e coa axuda dos colaboradores tentamos proporcionar todo tipo de servizos (consulta, préstamo, información, acceso a internet..) e orientamos ao alumnado nas súas procuras e seleccións de lecturas.

O Equipo de Dinamización da Biblioteca contou este curso con cinco membros: Silvia Martínez Caballero(coordinadora), Mercedes García Herrero, Atenea Lago Silva, María del Carmen Rodríguez Tielas e Mª José Rodríguez Vázquez que adicaron un total de 6 horas semanais. Este curso volvéronse organizar os horarios de maneira que todo o equipo de biblioteca coincidira nunha hora semanal na biblioteca o que facilitou a toma de decisións e o desenvolvemento das diferentes tarefas. O equipo de biblioteca tivo que empregar máis tempo do reflectido no seu horario, dispoñendo das súas horas de garda e dos recreos para poder dar saída a todas as actividades

propostas e cubrir as necesidades de organización e funcionamento da biblioteca.

Os obxectivos propostos para este curso non se acadaron na súa totalidade: seguimos sen bibliopatio (parra con sombra e mesa con cadeiras debaixo), pasou o curso e non chegamos a solicitar as maletas viaxeiras da igualdade, inclusiva ou banda deseñada de bibliotecas escolares que tiñamos previsto. Este ano seguiu a ser todo un éxito as lecturas dos maiores aos máis pequenos e o apadriñamento lector. A nivel xeral consideramos que o traballo realizado foi satisfactorio tendo en conta o número de horas de dedicación á biblioteca. A biblioteca mantívose aberta durante todos os recreos sendo atendida polos colaboradores/as da biblioteca baixo a supervisión da/o mestra/e de garda (todo o claustro por quendas). Ademais elaborouse un horario de uso semanal da biblioteca para que todos os cursos baixaran co/coa seu/súa titor/a, aproveitando para levar a cabo o servizo de préstamo, lectura compartida e procura de información. A biblioteca abriuse en horario de tarde os luns, mércores e xoves de 16:30 a 18:00 horas para uso da comunidade educativa como se viña facendo habitualmente en cursos anteriores. Este curso engadíronse dous novos ordenadores ao recanto TIC, contando este curso con 3 ordenadores para alumnado e 2 para mestres ademais dunha tablet. Seguiuse acondicionando a sala de espera para as familias na entrada do colexio con libros de lectura, xornal e revistas pero segue quedando pendente para o vindeiro curso a adquisición de distintos manuais e libros para os pais/nais que axuden a xestionar a crianza e a relación cos máis pequenos (libros como: Educar sin perder los nervios: guía emocional para transformar tu vida familiar...). Tamén segue quedando pendente a montaxe exterior da “Bibliopatio” (recanto dedicado á biblioteca no patio do colexio). Seguimos coa actividade “lecturas ao sol” que consiste en quitar durante os recreos, unha cesta con libros e outra con coxíns e mantas para ler tumbados na herba á sombra das árbores do patio

En canto ás bibliotecas de aula, funcionaron segundo o previsto. O préstamo de material foi continuo e variado, segundo o momento e as necesidades de cada curso. Foron as/os titoras/es as/os encargada/os de facerse co material que precisaban ter temporalmente na aula e rexistralo na aplicación informática Meiga cos carnés de aula, cos que se poden coller en préstamo un máximo de 20 libros. O alumnado emprega estes fondos para ampliar contidos, como apoio ás distintas áreas e na Hora de ler.

Continuamos co traballo de expurgo, descartando exemplares deteriorados, que non se adaptaban ás necesidades e intereses dos usuarios. Seguimos coa catalogación en MEIGA dos novos exemplares de lectura e xogos adquiridos seguindo a CDU.

En canto ao tratamento da información e competencia dixital, traballouse en colaboración coas mestras encargadas das TICs na hora de informática, e coas titoras na procura de información sobre temas diversos na biblioteca, fomentando non só un uso seguro das novas tecnoloxías, senón tamén a escolla crítica na recollida de información.

O **blogue da biblioteca** é un recurso de comunicación coa comunidade escolar e unha ferramenta de carácter pedagóxico para o alumnado. Foi actualizándose ao longo do curso tanto para proporcionar información e recursos como para mostrar as diferentes actividades levadas a cabo.

## ACTIVIDADES

Para poder levar a cabo as diferentes actividades previstas no **Plan Anual de Lectura** contamos coa colaboración de diferentes equipos: **equipo de Actividades complementarias e extraescolares e equipo TIC (Radio escolar)** e principalmente, co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** co que traballamos conxuntamente no proxecto anual de centro, arredor do cal xiran a maioría das actividades propostas para todo o centro durante todo o curso. Dende hai varios anos contamos coa axuda dos colaboradores/as, alumnado de 5º e 6º que de forma voluntaria, por quendas e baixo a supervisión da/o mestra/e, encárganse de diferentes funcións:

- **Xestión e organización da biblioteca:** rexistrar os préstamos en Meiga, asesorar ao alumnado na elección de libros de lectura segundo intereses, materia, idade,... colocar os libros nos estantes correspondentes despois da devolución, ordenar os diferentes recantos da biblioteca (xogos, construcións, ...), e axudar na organización e montaxe do recanto temático que muda de libros e de decoración segundo as distintas conmemoracións.
- **Actividades de formación de usuarios:** explicación das normas de uso da biblioteca, a CDU, as diferentes partes do libro e dos diferentes recantos da biblioteca a principios de curso e recordándoas ao longo de todo o curso.
- **Actividades de fomento da lectura:** contacontos aos máis pequenos, lecturas compartidas, apadriñamento lector, lecturas ao sol, visita de autores/as convidados...
- **Actividades de divulgación:** publicidade das diferentes actividades levadas a cabo dende a biblioteca mediante paneis informativos na entrada do colexio e no taboleiro de anuncios da biblioteca.
- **Actividades relacionadas coa radio escolar:** facer de técnicos nos diferentes programas de

radio, poñer a música durante os recreos e nas entradas e saídas.

### **Actividades relacionadas coa a organización e xestión da biblioteca.**

- **Adquisición de fondos documentais:** A selección deste material realizouse en función das características, preferencias e diversidade do alumnado e a temática do proxecto de centro de este curso.
- **Catalogación/expurgo**
- **Carnés de biblioteca:** No mes de setembro realizáronse os carnés da biblioteca ao alumnado e profesorado de nova incorporación.
- **Normas e funcionamento:** A principio de curso explicouse ao novo alumnado e profesorado as pautas, normas e funcionamento da biblioteca.
- **Bibliotecas de aula:** No mes de setembro repartíronse a todos os cursos atlas, dicionarios de lingua galega e castelá, libros de lecturas compartidas e dos padriños e madriñas de aula. Así mesmo na aula de música está habilitado un espazo para custodiar os libros para o uso das diferentes lecturas compartidas.
- **Inauguración da biblioteca:** A biblioteca abriu as súas portas á comunidade educativa a mediados de outubro coa lectura do pregón no que se anunciou o proxecto anual de centro, as normas da biblioteca e horario.
- **Formación de usuarios:** o noso centro conta con colaboradores de 5º e 6º. No recreo hai quendas de dous colaboradores un de 6º e outro de 5º tanto na biblioteca coma na emisora. O alumnado de 6º guía ao alumnado de 5º nas diferentes tarefas, asegurando unha continuidade (empréstitos e devolucións no MEIGA, clasificación da CDU, recantos da biblioteca...). Nas primeiras semanas de apertura da biblioteca estableceuse un horario e cada curso baixou á biblioteca cos colaboradores e a responsable da biblioteca para dar a coñecer o seu funcionamento, a CDU e os diferentes recantos.
- **Día das bibliotecas/mochilas viaxeiras:** Para conmemorar dito día realizouse un programa de Radio "Especial Día das Bibliotecas" e comezouse coa ruta das mochilas viaxeiras. Cada mochila contiña libros de diferentes temáticas para gozar en familia: varios libros de lectura, un libro de experimentos, un libro de animais e un libro de cociña. Foron moitos os/as alumnos/as que se animaron a facer receitas do libro de cociña e experimentos deixándonos fotos e as súas impresións no libro viaxeiro.
- **Hora de Ler:** De luns a venres despois do recreo nas aulas, durante 15 minutos realizase

unha lectura silenciosa e non guiada. Ademais cada curso contou cunha sesión semanal na biblioteca de lectura guiada onde se leron diferentes libros do itinerario lector; libro do padriño de aula, autor que da nome ao centro e escritor convidado.

- **Estudo d@s autor@s que apadriñan/amadriñan as aulas.** Traballos plásticos e lectura dalgún libro dos distintos autores/as que apadriñan/ amadriñan as aulas: Fina Casalderrey, Manuel María, Milagros Oya, Agustín Fernández Paz, Paula Carballeira e Xosé Neira Vilas. Fixéronse exposicións e traballos de composición escrita en todos os cursos.
- **Recanto temático:** Na biblioteca temos o recanto temático no que se realizan pequenas exposicións de libros sobre a temática e as conmemoración anuais. Algunhas das exposicións realizadas foron no Día da nena e da muller científica, Día da muller, Día de Rosalía, Día da Poesía, Semana da prensa, Día do libro infantil e xuvenil, ou Semana da Letras Galegas, entre outras.
- **Hospital de libros:** Na biblioteca temos o recanto “Hospital de libros” onde se deixan os libros deteriorados ou rotos para que os colaboradores poidan arranxalos durante os recreos.
- **Sinalización:** sinalización da CDU en cada estante cos pictogramas dos autobuses e en todo o centro con pictogramas de ARASAAC.
- **Caixa de suxestións:** coa finalidade de axudar a paliar as desigualdades de acceso aos recursos e ao coñecemento, temos na biblioteca unha caixa de suxestións para que o alumnado propoña libros, xogos a mercar ou nos comunique calquer circunstancia ou inquietude. Moitas veces o alumnado por falta de recursos non ten acceso a moitas das novidades que lles gustaría ler sendo a biblioteca unha ferramenta para paliar estas desigualdades socioeconómicas.
- **Formación ELBE-2:** seguimos animando a comunidade educativa a utilizar esta plataforma de lectura dixital.
- **Díptico “En Nadal, agasalla en Galego”** con recomendacións lectoras, xogos ou películas segundo as diferentes idades. Neste díptico tamén foi o libro para pedir como agasallo aos Reis Magos do autor/a convidado/a.
- **Día de Rosalía,** o 23 de febreiro, a través da lectura e do recitado de poemas na emisora escolar e sumámonos á proposta da Asociación de Escritores e Escritoras de Lingua Galega.
- **Celebración do entroido coa temática do proxecto en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.** No segundo nivel, foi o alumnado quen,

coa máquina de coser da escola, confeccionou o seu propio disfraz.

- **Mochilas violetas/Día da muller:** Durante o mes de marzo, co motivo da celebración do Día da muller, cada curso tivo na súa aula unha mochila violeta formada por diferentes libros relacionados coa temática e un xogo de "Adiviña quen é quen..." para traballar na aula.
- **Día da poesía:** Dende a biblioteca propúxose que ese día o alumnado elixira un poema e subira a emisora a recitalo. O alumnado colaborador da biblioteca foi o encargado de montar o recanto con libros de poesía e asesorar aos máis pequenos na escolla dos poemas. O alumnado de 1 nivel emitiu un programa de radio especial "Día da poesía".
- **Semana da prensa/Día da muller:** traballouse o día da muller e a semana da prensa de forma conxunta. Cada clase escolleu unha muller deportista e elaborou unha noticia. Con cada deportista traballáronse diferentes valores e historias de superación. A clase de 1º elixiu a resiliencia con Teresa Portela, 2º traballou a superación con Adiaratou Iglesias, 3º e 4º escolleron dúas campioas do mundo; Aitana Bonmatí e Teresa Abelleira, 5º decantouse pola polifacética Susana Rodríguez e 6º redactou sobre a "reciclaxe deportiva" de Desireé Vila. O venres 8 de marzo, cada curso fixo unha simulación da recollida da medalla e unha presentación biográfica sobre a vida da súa muller deportista escollida. Para rematar con esta conmemoración, os nenos do centro participaron nun Kahoot sobre as mulleres traballadas.
- **Día da Terra:** Durante o mes de abril e co motivo do *Día Internacional da Terra* traballáronse os obxectivos de desenvolvemento sostible. **Os colaboradores fixeron unha selección de libros para que aprendéramos a coidar o noso planeta.**
- **Día do libro:** Para conmemorar esta data, o alumnado de 6º quixo mostrarlle aos demais compañeiros/as do centro, que os libros son luz, unha luz que guía as nosas vidas e fixeron contando o conto "Leotolda" da escritora Olga de Dios con marionetas e luz ultravioleta. Ademais emitiuse o programa de Radio "Especial día do libro".
- **Visita dos autores convidados e amadriñamento de Paula Carballeira para a aula de 5º o que** supuxo a elaboración de diferentes actividades tanto a nivel escrito coma a nivel oral (composicións, dramatizacións, redaccións, murais, traballos literarios e plásticos...). Este curso visitaron o cole Ramón D. Veiga e Paula Carballeira. O alumnado leu e realizou traballos plásticos sobre os libros escollidos para ler, "Violeta ás agachadas", "Miñoa e coello" e "Trece avisos". Durante as visitas o alumnado puido interactuar co autor e autora, preguntar todo tipo de curiosidades acerca dos libros e levar o seu libro asinado.

- **Día das Letras Galegas:** Durante as semanas anteriores facilitóuselle ao profesorado material sobre a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- **Educación medioambiental:** Buscando concienciar ao alumnado sobre a importancia da reciclaxe, traballárase ao longo de todo o curso sobre a mesma, mediante a separación do lixo na aula e no centro, reutilización dos materiais escolares e lectura da colección “Os Bolechas” adicada á reciclaxe.
- **Lecturas ao sol:** Coa chegada do bo tempo fanse lecturas ao sol. Os colaboradores da biblioteca sacan unha caixa con libros, as mantíñas e os coxíns e, tumbados na herba e á sombra das árbores, o alumnado que o desexe lé. Esta actividade é moi concorrida polo alumnado de 1º, que aproveita para estar cos seus padriños/madriñas lectores/as e seguir lendo con eles.
- **Apadriñamento lector:** Durante o 2º e 3º trimestre, o alumnado de 5º acompañou e fomentou nos máis pequenos, a paixón pola lectura. Cada alumno de 1º curso tivo un padriño/madriña que leu con el/ela unha vez ao mes na hora de biblioteca de 5º.
- **Lecturas aos máis pequenos (Club de lectura):** O alumnado de 6º, ademais de ser colaborador na biblioteca participou nun club de lectura “Os lectubers”. Dende o equipo de biblioteca animámoslos a lerlles aos máis cativos(1º e 2º).
- **Proxecto “Hoxe ven ao cole...”,** Algún familiar do alumnado acude ao centro (concretamente á biblioteca) ou grava un vídeo, realiza videoconferencia ou acompaña nalgunha saída para relatar vivencias, experiencias ou explicarnos temáticas relacionadas co proxecto. Esta actividade non tivo moito éxito. As familias colaboran aportando moito material e axudando aos cativos sen embargo teñen moito medo escénico.
- **Lectura e familias:** O alumnado de 1º leu “Violeta ás agachadas” de Ramón D.Veiga, autor que visitou o noso centro no mes de abril. Despois recrearon o seu propio libro coa axuda das familias e a mestra Eva.
- **Día Mundial contra o acoso escolar (2 de maio),** un grave problema que afecta a moitos nenos e nenas en todo o mundo. Dende o CEP Carlos Casares queremos erradicar esta lacra concienciando á comunidade educativa e traballando o acoso a nivel de centro. O alumnado de 3º de Relixión traballou nun programa de radio especial Día do acoso e os colaboradores seleccionaron e recomendaron libros dende a biblioteca para tratar o tema. Ademais traballouse de 3º a 6º a curtametraxe “El sándwich de Mariana”.
- **Club de lectura;** este curso formamos un club de lectura por ciclo. Os Lectubers do 1º

ciclo (TORIBIOS) guiados polas mestras Atenea, Merce e María, Os lectubers do 2º ciclo (O CAN RIN) en colaboración coa mestra Mº José e Os lectubers do 3º ciclo (FOLLAS NOVAS) guiado pola mestra Silvia. Nestes clubs de lectura léronse lecturas como “Rá de tres ollos”, “A viaxe de Antía ao cerebro humano”, a serie de banda deseñada de Miñoa de Ramón D. Veiga, “Unha veciña de película” e “Caos no laboratorio” Ademais destes títulos, cada nivel lee os libros de lectura obrigatoria do itinerario lector (libro do padriño/madriña de aula, e libro do autor que da nome ao noso centro) e outros de interese do alumnado.

- **Tríptico de verán** con recomendacións lectoras para o verán.

### **Propostas de mellora**

- Seguir a participar nos diferentes programas inherentes a biblioteca (Radio na biblio, Bibliotecas solidarias e Club de lectura) e pedir a maiores os que non nos foron concedidos este curso (Biblioteca creativa e Lectura e familia)
- Engadir ao recanto da creatividade fieltros, tecidos, punto de cruz.....
- Propoñer actividades en función do PDI partindo da biblioteca coma eixe vertebrador.
- Seguir coa adquisición de fondos documentais relacionados coa PDI e acordes aos intereses do alumnado.
- Valorar a utilización de redes sociais para a divulgación das actividades.
- Pedir a asesoría de bibliotecas escolares algunhas das maletas viaxeiras de interese para o centro.
- Incluír na excursión de Salvaterra a visita á biblioteca pública e confeccionar os carnés do alumnado visitante.
- Seguir coa formación de usuarios a principio de curso .
- Continuar co expurgo dos exemplares deteriorados ou que levan moito tempo sen ser collidos en préstamo.
- Engadir fondos e recursos tendo en conta os gustos e intereses do alumnado.
- Creación da bibliopatio (parra con sombra e mesa e cadeiras debaixo), que quedou

pendente de anos anteriores..

- Mercar distintos manuais e libros para o recanto de pais/nais que axuden a xestionar a crianza e a relación cos máis pequenos (libros como: Educar sin perder los nervios: guía emocional para transformar tu vida familiar...).
- Incentivar o uso da biblioteca escolar por parte da familia ofrecendo o acceso aos bens culturais e recursos tecnolóxicos
- Facilitar ao profesorado recursos e servicios para a renovación das prácticas lectoras.
- Fomentar a utilización da plataforma de lectura dixital E-lbe.2 por parte da comunidade educativa.
- Comezar coa actividade “Lecturas ao sol”, en outubro, aproveitando o bo tempo e evitando así tanta afluencia de alumnado na biblioteca.
- Continuar coas actividades “apadriñamento lector” e “lecturas aos máis pequenos” xa que resultan moi atractivas para o alumnado.
- Lerlles, recitalles poemas, facer teatro ao alumnado de infantil e aos maiores da residencia de anciáns.
- Facer un intercambio de cartas cos maiores da residencia de anciáns e felicitanos con tarxetas navideñas.
- Festa de apadriñamento/amadriñamento da biblioteca o día das bibliotecas en colaboración co EDLG.
- Aproveitar aos autores/as convidados/as do próximo curso para que apadriñe/ amadriñe a aula de 3º.

#### **4. PLAN ANUAL DE LECTURA**

##### **4.1 Primeiro ciclo**

Como actividade incluída no proxecto lector, destinouse cando menos, media hora diaria á lectura en cada un dos niveis. A maiores dos textos e enunciados dos libros, como xa se dixo con anterioridade, a biblioteca (tanto de aula como de centro) tivo un papel importante e principal a “Hora de ler”. Cada curso contou cunha hora semanal dedicada á lectura na biblioteca do centro.

Respecto ás propostas lectoras realizáronse as seguintes de xeito colectivo:

### **1º Curso**

- “Puag, que noxo!”, Fina Casalderrey
- “Colección Os Toribios”, Carlos Casares
- “Violeta ás agachadas”, Ramón D. Veiga

### **2º Curso:**

- “Os Soños na gaiola”, Manuel María (por motivos de tempo só se leron algúns poemas, para traballar a poesía)
- “Lolo anda en bicicleta”, Carlos Casares
- “A miñoa e o coello”, Ramón D. Veiga

## **4.2 Segundo ciclo**

Seguindo as directrices marcadas no Plan Lector do Centro, os alumnos/as do 2º ciclo traballaron a lectura, dende todas as áreas do currículo.

### **Linguas**

Nas áreas de linguas atendeuse a diversos aspectos da mesma: velocidade lectora, comprensión e expresión oral e escrita, vocabulario, ortografía, gramática...

Considerouse fundamental a comprensión dos distintos tipos de textos, por iso se traballou con textos narrativos, de poesía, teatro, publicidade, xornalísticos, banda deseñada...

### **Obradoiros e actividades plásticas**

Lectura de obras de teatro en galego. Os aspectos traballados co alumnado foron: a entoación, a comprensión do contido do texto, a intención do autor, postas en común... O obxectivo fundamental da actividade é a representación das obras nos festivais do Nadal e das Letras Galegas.

Lectura de contos e debuxo dos personaxes.

### **Ciencias**

Na área de Ciencias, a lectura foi un instrumento básico para obter datos e buscar

información sobre os temas de estudo. O libro de texto empregouse ao longo do curso para facer pequenas lecturas. Ademais, coa finalidade de traballar o vocabulario, os conceptos básicos do tema, a ampliación de contidos e a motivación, a mestra así como o alumnado, levaron ás aulas libros, vídeos e soportes (artigos...) con información sobre os temas que se traballaron. Tamén se traballaron os cadros de estudo e os mapas conceptuais.

### **Matemáticas**

Procedeuse á lectura dos textos que ofrecen os libros de texto do ciclo, que son moi motivadores para o alumnado así como o estudo de pequenos textos que relacionan a vida cotiá e as matemáticas. O alumnado traballou con textos de xogos de enxeño, sen esquecer que fixemos moito fincapé nos textos dos problemas mediante a lectura individual, colectiva e a posta en común ou a conversión do texto en datos e expresión do resultado en forma de frase sinxela.

Ao longo deste curso o desenvolvemento do Plan Lector realizouse fundamentalmente, nunha sesión semanal dedicada á lectura, impartida pola mestra correspondente.

Estas sesións tiveron lugar na Biblioteca do centro e o seu principal obxectivo foi fomentar o gusto e o goce pola lectura en si mesma, incluíndo actividades como:

- Préstamo de libros.
- Lectura individual de libros.
- Lectura en voz alta.
- Seguimento e rexistro da velocidade lectora ao longo do curso.
- Presentación de libros sobre un tema ou autor/a determinados.
- Axuda e asesoramento na elección de libros axeitados aos distintos gustos e nivel lector do alumnado.
- Audición dalgunha lectura dos libros de texto.
- Posta en común de libros lidos.

### **Libros lidos:**

#### **3º curso:**

- “O can Rin e o lobo Crispín”, Carlos Casares.
- “A cazadora de estrelas”, María Canosa.

- “Trece avisos”, Paula Carballeira.

#### **4º curso:**

- “A galiña azul”, Carlos Casares.
- “Escola de piratas”, Agustín Fernández Paz.
- “Trece avisos”, Paula Carballeira.

#### **Outras lecturas foron:**

Ademais leron moitos máis libros na “Hora de Ler”. Cada neno traía da súa casa un libro para ler neses 15 minutos diarios despois do recreo ou da biblioteca de aula. Tamén se colleron numerosos libros na biblioteca do cole.

Así mesmo leváronse a cabo **actividades** como:

- Lecturas do libro de texto e exercicios de comprensión lectora ademais de actividades sobre libros lidos na aula.
- Usamos o dicionario de xeito habitual.
- Participación nas actividades de animación propostas pola Comisión de Biblioteca.
- Elaboración de guións radiofónicos para emitir, durante os recreos, na emisora escolar do centro.

#### **Propostas de mellora para o vindeiro curso 2024/2025:**

- Poderíase plantexar a posibilidade de cambiar a madriña de aula de 3º. As súas obras non se corresponden cos gustos e intereses do alumnado. Propoñemos a escolla de escritores e escritoras máis actuais e próximos aos/as cativos/as, xa que a nosa literatura galega ten unha variada oferta.
- Facer control do intercambio de libros propios entre o alumnado.

### **4.3 Terceiro ciclo**

Dentro do Plan Lector do 3º Ciclo desenvolveuse a lectura colectiva e en voz alta nunha sesión semanal. Fixéronse préstamos de libros, lectura individual, axuda e asesoramento na elección de libros axeitados aos distintos gustos e nivel lector do alumnado e posta en común de libros lidos. Así mesmo, achegamos ao alumnado aos clásicos e aos autores relacionados co centro e coa súa aula (Carlos Casares, Xosé Neira Vilas, Érica Esmorís e Paula Carballeira escritora convidada este ano).

Ademais, nas aulas, realizáronse outras actividades, como lecturas do libro dixital e de texto das distintas materias e exercicios de comprensión oral e lectora, exposición nas aulas de material (libros, material audiovisual, enciclopedias), con información sobre os temas que se foron traballando en Naturais e Sociais, obradoiros de teatro e de recitado de poesía, elaboración e emisión de programas de radio.

A nivel colectivo, léronse e traballáronse os seguintes títulos:

#### **Na aula de 5º**

- O galo de Antioquía de Carlos Casares.
- “Trece avisos” de Paula Carballeira

#### **Na aula de 6º**

- O espantallo amigo de Xosé Neira Vilas.
- Un polbo xigante de Carlos Casares.
- “Trece avisos” de Paula Carballeira.

Ademais destes títulos, que se leron conxuntamente, tamén se fixeron lecturas individualizadas, atendendo aos distintos ritmos e intereses do alumnado.

## **5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

### **5.1 Funcionamento do departamento.**

A xefatura do Departamento de Orientación do CEP Carlos Casares foi compartida co CRA A Lagoa de Salvaterra de Miño.

A distribución horaria foi a seguinte: CEP Carlos Casares: luns, martes e xoves

(destinando 1 sesión, os xoves, á coordinación coas mestras especialistas en PT e AL do centro).  
CRA A Lagoa: mércores e venres (destinada como mestra de PT).

O Departamento de Orientación do CEP Carlos Casares, neste curso escolar 2023/2024, estivo composto polos seguintes membros:

- Mestra de PT: Cecilia González Docampo
- Mestra de PT preferente: Lorena Fernández Rodríguez
- Mestra PROA+ con perfil PT: Jéssica Río Portela
- Mestra de AL: Atenea Lago Silva
- Coordinadora de 1º ciclo: Francisca Alonso Brito
- Coordinador de 2º ciclo: Pedro Pablo Salgado Sampedro
- Coordinadora de 3º ciclo: Sonia Lago Alonso.
- Xefa do Departamento: Silvia González Navaza.
- Directora: Ana Belén González Casar.

Algunhas das competencias e funcións principais que se levaron a cabo desde a Xefatura do DO no CEP Carlos Casares foron as seguintes:

- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar plans e programas de intervención, así como asesorar ás súas familias e titoras.
- Elaboración e revisións trimestrais dos Plans de orientación, acción tutorial e atención á diversidade.
- Orientacións para preparar as reunións de pais.
- Elaboración ou colaboración na elaboración de diferentes documentos relativos ao Departamento de Orientación: Plan de Orientación, Plan de Atención á Diversidade, Plan Xeral Anual, Plan de Acción Tutorial, Plan de Convivencia, Programa de habilidades sociais, programa mediación entre iguais...
- Deseñar accións encamiñadas á detección temperá e prevención de dificultades e dotar ao DO dos recursos axeitados para elo: protocolos, enquisas e cuestionarios, así como información ao respecto e aplicación de probas estandarizadas.
- Elaboración e modificacións dos horarios de Pedagogía Terapéutica e de Audición e

Linguaxe sempre que as circunstancias o requeriron.

- Levar a cabo canles de comunicación e coordinación co instituto de secundaria ao que estamos adscritos: IES de Salvaterra de Miño (unha reunión trimestral). Nestas reunións, tamén participaron as orientadoras dos centros adscritos do concello, o CEIP Plurilingüe Infante Felipe e o CEIP de Leirado.
- Asesorar ás familias a principios do curso en todo o relativo ás bolsas de necesidades do MEC e facer os trámites correspondentes.
- Asesoramento ás familias das necesidades que poidan presentar os seus fillos/as.
- Cooperar con outros organismos e institucións, a través de entrevistas ou elaboración de informes: servizos sanitarios, gabinetes externos (pedagóxicos, de logopedia ou/e de psicoloxía), asociacións..., con previa autorización das familias ou realizando reunións conxuntas.
- Participar nas sesións de avaliación do CEP Carlos Casares e do CRA A Lagoa.
- Asistir, unha vez ao mes ás reunións de Coordinación do Departamento de Orientación e CCP.
- Repoñer material do DO: Adquisición de diferentes probas obxectivas para a avaliación do alumnado.
- Convocar e presidir as reunións do DO.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do Departamento de Orientación.
- Distribución do horario dos apoios do alumnado NEAE, elaborar a relación de alumnado que necesita apoio para o curso próximo así como a relación de alumnado que pode optar ás bolsas de necesidades (no CEP e no CRA), deseñar as accións prioritarias para o curso que vén e medidas a adoptar.
- Cubrir as aplicacións informáticas DRDADI e DRDORIENTA.
- Algunha entrevista con Inspección Educativa.
- Elaboración de arquivo: actas de reunións de DO, saídas, entradas e entrevistas.

### **5.2 Avaliacións Psicopedagógicas e outras actuacións:**

Neste curso escolar 2023/2024, leváronse a cabo 23 avaliacións psicopedagógicas.

- Informes de seguimento de 7 alumnos, 5 de 1º, un de 4º e outro de 6º de primaria.
- Tramitáronse seis becas para alumnado con NEAE.
- Solicitouse ao Equipo de Orientación Específico de conduta para asesorarnos sobre pautas de actuación coa alumna de 5º de primaria debido a que se abriu o Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida e tamén veu a valorar para un cambio de modalidade para unha escolarización combinada alumna de 4º de primaria.
- Implantouse a mediación entre iguais. Formouse ao alumnado de 5º e 6º de primaria para ser mediadores e levouse a cabo o servizo nas horas do recreo.

### **5.3 Entrevistas**

Neste curso escolar 2023/2024, leváronse a cabo numerosas entrevistas con diversos membros da comunidade educativa, en especial coas nais e os pais do alumnado, gabinetes e fundacións.

Atendéronse todas as súas demandas, sempre con cita previa. De todos modos, dicir que o DO estivo aberto sempre que as familias o requiriron.

### **5.4 Coordinación cos distintos organismos e servizos.**

- Reunións en cada trimestre, previa convocatoria, coa orientadora do IES de Salvaterra de Miño (e coas outras orientadoras da localidade).
- Entrevista presencial no centro co EOE, especialista en trastornos de conduta.
- Entrevistas telefónicas, presenciais e por videoconferencia con diferentes gabinetes e profesionais que atenden a nenos/as do centro.

Neste sentido, a relación e coordinación con todo o claustro resultou moi positiva e enriquecedora, favorecendo unha intervención tanto directa coma indirecta moi satisfactoria para o desenvolvemento do proceso educativo de ensinanza-aprendizaxe do alumnado. Houbo unha

axeitada colaboración horizontal e vertical. O equipo directivo tamén estivo dispoñible para o que precisamos.

### **Propostas de mellora:**

Continuar coa mediación entre iguais: formación do alumnado de 5º e 6º, difusión e posta en marcha nos recreos contando coa supervisión do orientador/a e outra persoa para poder ter o servizo todos os días da semana.

Complementar a atención a todo o alumnado a nivel emocional implementando o vindeiro curso as prácticas restaurativas (actividade panca do PEM) en todos os niveis educativos e seguir a traballar as habilidades sociais desde as titorías.

Para o vindeiro curso seguir coas habilidades Sociais, prácticas restaurativas, círculos de diálogo, intelixencia emocional, con 6º de primaria e comezar cos cursos de 2º e 5º de educación primaria.

## **5.5 Especialistas en Pedagogía Terapéutica**

No actual curso 2023/2024 o centro contou con 3 mestras de Pedagogía Terapéutica, as cales están destinadas a tempo completo no centro.

A mestra de Pedagogía Terapéutica dedicada ás necesidades xerais do centro.

A mestra de Pedagogía Terapéutica Preferente dedicada ás necesidades de dous alumnos con NEE.

A mestra de PROA+ atendendo ao alumnado de 4º, 5º e 6º EP, e facendo apoio nas aulas nas horas de dispoñibilidade.

### **Organización das aulas e aproveitamento dos recursos**

No CEP Carlos Casares hai un aula de pedagogía terapéutica con bastante material para traballar co alumnado con necesidades. Ademais, elaboráronse moitos materiais propios adaptados ás necesidades particulares dos alumnos con NEAE que foron utilizados nas aulas ordinarias de referencia que foi onde se priorizou a intervención.

### Alumnado que recibiu apoio durante o curso 2023/2024

Durante o curso académico 2023/2024 recibiron apoio por parte das mestras especialistas, en Pedagogía Terapéutica, un total de 30 alumnos e alumnas. A maioría deles foron atendidos desde o principio de curso, modificando ao longo do mesmo a intervención en función das necesidades que presentaban. É preciso ter en conta que neste curso, a partir do 4 de outubro contamos coa mestra do Programa PROA+. Cabe salientar ademais, que as súas intervencións na aula tamén beneficiaron ao resto do alumnado que non presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Ademais disto, contamos no 3º trimestre coa mestra de PT preferente a tempo completo para prestar apoio dentro das aulas ordinarias, pois o alumno ao que atendía foille concedida a atención domiciliaria

Os alumnos/as atendidos por curso foron os seguintes:

**En 1º de EP** foron atendidos 7 alumnos/as..

A intervención na aula fíxose dende comezo de curso na aula ordinaria, tendo en conta as necesidades que presentaba o grupo/clase en lectoescritura, comprensión e razoamento. As sesións foron 5 semanais, dende o primeiro trimestre máis as 6 sesións dentro da aula da PT preferente para a atención dun alumno con TEA e tamén para o resto do alumnado da aula. Traballouse principalmente nas áreas de lingua e de matemáticas sendo as materias principais donde a maioría do alumnado tiña maiores dificultades.

**Da aula de 2º** foron atendidos 8 alumnos/as.

Traballáronse diferentes aspectos en relación ás necesidades presentadas polo alumnado na área de matemáticas e nas áreas das linguas.

O apoio de PT realizouse dentro da aula ordinaria.

Na área de matemáticas, traballáronse aspectos que se ían dando na aula atendendo ao alumnado de maneira individual cando precisaba un apoio máis concreto.

Na área das linguas, traballáronse aspectos de comprensión lectora e expresión escrita, así como un apoio no seguemento dos contidos explicados na aula.

Por parte da PT o apoio foi de seis sesións semanais, 3 sesións en matemáticas e 3 sesións nas linguas.

**No grupo de 3º** apoiouse a 3 alumnos.

O apoio realizouse dentro da aula ordinaria, traballando os contidos explicados en aula (lectoescritura, resolución de problemas, razoamento, traballo en equipo...).

A PT tiña un total de 4 sesións semanais.

**En 4º curso** tiveron apoio 4 alumnos/as sendo unha delas, alumna con pt preferente.

O apoio realizouse dentro da aula ordinaria, facendo apoio ao traballado en aula (lectoescritura, resolución de problemas, razoamento, traballo en equipo...); e fóra da aula algunhas sesións (sendo estas flexibles) coa alumna con ACs.

As sesións semanais foron 3 por parte da PT, e por parte da PT preferente a atención fóra da aula ca alumna que presenta síndrome de Prader -Willi son un total de 9 horas semanais fóra da aula ordinaria . A mestra de PROA + entraba na aula ordinaria un total de 7 sesións semanais.

**En 5º** traballouse con 7 alumnos.

O traballo da PT realizouse dentro da aula ordinaria, traballando os contidos dados na aula e facendo fincapé naqueles nas que o alumando amosaba maiores dificultades. Así mesmo traballouse cun alumno a orde, organización e limpeza das libretas e material escolar.

A mestra de PROA + entraba na aula ordinaria un total de 5 sesións semanais.

**En 6º** traballouse con 2 alumnos/as

A PT entrou na aula ordinaria, prestando apoio na área de matemáticas e nas linguas. A partires do segundo trimestre, o apoio en ámbalas dúas materias foi fóra da aula, 2 sesións de matemáticas e outras 2 en lingua castelá e galega.

De esta maneira o apoio de pt en 6º foi de 4 sesións á semana.

A mestra de PROA + entraba na aula ordinaria un total de 10 sesións semanais.

### **Informes persoais e pronóstico cara o próximo curso**

Realizáronse programacións individuais para o alumnado NEAE ao que se lle presta atención educativa por parte da mestra de PT e da mestra de atención preferente. Ao final de curso realizáronse os informes finais do alumando atendido.

Toda a documentación está custodiada no Departamento de Orientación.

### **Avaliación xeral**

#### **Alumnado:**

En xeral moitos alumnos/as presentan dificultades centradas na lectoescritura, comprensión e razoamento, precisando dun seguimento e apoio. A maioría tiveron unha melloría significativa e son quen de seguir o ritmo da clase.

Moitos precisarán apoio dentro da aula para seguir o ritmo de forma adecuada. Algúns alumnos/as NEAE precisan dunha intervención máis concreta das especialistas de pedagogía terapéutica.

### **A intervención propia de PT**

Como mestras de PT, realizouse unha avaliación inicial do alumnado establecido para traballar con el. Durante o curso realizouse unha avaliación continua mediante observación e elaborando ao final de curso, un informe individual coa valoración de cada un dos alumnos/as que recibiron apoio por parte das PT.

Respecto ao traballo realizado coma mestras de PT dentro da aula ordinaria, houbo unha boa comunicación/colaboración co equipo docente para traballar os obxectivos marcados para cada alumno/a.

### **Propostas de mellora**

- Seguir as liñas de comunicación/colaboración co equipo docente.
- Fomentar a formación do profesorado en PFPP relacionados coa inclusión educativa.
- Mellorar a comunicación/relación coas familias
- Mellorar a comunicación cos mestres de área para saber que contido se vai a traballar ao longo da semana.
- Tentar respectar as horas de apoio da especialista dentro da aula, non invertir as sesións en intercambio de materias ou en actividades nas cales o alumnado neae non precise ter apoio.
- Empregar a aula de PT como banco de recursos (xogos, material manipulativo, libros específicos...)
- Empregar o recurso da figura de pt como apoio e non como cotitoría entre iguais; dar prioridade ao alumnado con neae é primordial para unha boa práctica educativa na que a

inclusión é fundamental para unha boa praxis educativa.

- Especificar as funcións dentro da aula da figura de pt preferente ao comezo do curso a todo o profesorado.

### **5.6 Especialistas en Audición e Linguaxe**

Durante este curso a praza da mestra de Audición e Linguaxe estivo cuberta por unha mestra a tempo completo no CEP Carlos Casares. Esta praza está adxudicada de forma definitiva pero debido a unha permuta estivo cuberta por persoal provisional.

#### **Organización das aulas e aproveitamento dos recursos**

O CEP Carlos Casares dispón dunha aula destinada á intervención individualizada co alumnado por parte da mestra de Audición e Linguaxe. Dispón de material de diagnóstico (probos estandarizadas e non estandarizadas) e diferente material de intervención que se pode atopar no mercado, tanto de ensinanza específica como ordinaria (material impreso e manipulativo). Ademais, hai outros moitos recursos empregados nas diferentes intervencións e apoios de elaboración propia, deseñados pola mestra especialista para dificultades concretas e específicas.

Tamén se compartiron materiais que resultaron ser necesarios entre os membros do Departamento de Orientación, tanto coa mestra de Pedagogía Terapéutica como coa xefa do mesmo.

#### **Alumnado que recibiu apoio de Audición e Linguaxe**

As principais alteracións ou dificultades traballadas durante este curso foron:

**Alteracións na fala**, asociadas na súa maioría a dislalias funcionais na articulación de fonemas, fundamentalmente rotacismos, sigmatismos e dificultades nos sinfóns, tanto laterais como vibrantes.

#### **Trastorno do neurodesarrollo (TEA)**

**Dificultades de aprendizaxe**, sobre todo na adquisición do proceso lectoescritor,

debéndose estas dificultades fundamentalmente a erros na conciencia fonético-fonolóxica e, no seguimento do ensino-aprendizaxe en xeral, servindo como apoio no mesmo.

Recibiron apoio de audición e linguaxe un total de 21 alumnos de forma directa ao longo do curso escolar. Dun xeito mais concreto, os alumnos e alumnas que recibiron apoio de A.L. de xeito individual ou en pequeno grupo ao longo do curso foron:

**1º curso de Primaria:** 7 alumnos/as

Un grupo de 6 alumnos foron atendidos por dificultades dos sons da fala, pero debido ás dificultades na lectoescritura do grupo as dislalias foron traballadas de maneira transversal recibindo apoio nos fonemas /r/ e /z/ en pequenos grupos dentro da aula ordinaria.

A temporalización foi de dúas sesións de 25 minutos á semana para cada un.

Un deles foi atendido por TEA en 3 sesións dentro da aula ordinaria de 50 minutos.

**2º curso de Primaria:** 4 alumnos/as.

Tres alumnas recibiron atención por parte da mestra de A.L por presentar dislalias funcionais, tanto nos fonemas /r/ vibrante como nos sinfóns vibrantes. Das cales dúas recibiron a alta. Unha delas segue a precisar apoio por parte da mestra de AL debido a dificultades na decodificación da linguaxe escrito.

Un alumno recibiu apoio na adquisición da linguaxe por presentar unha retraso de este.

**3º curso de Primaria:** 2 alumnos/as.

Dous alumnos recibiron apoio en unha sesión individual de 50 minutos. Un deles por presentar una dislalia funcional do fonema vibrante múltiple /r/ e reforzouse a lectoescritura.

A outra alumna recibiu apoio no ámbito lectoescritor e xestión das súas emocións.

**4º curso de Primaria:** 5 alumnos/as.

Dous alumnos recibiron apoio de cara o terceiro trimestre por dificultades no proceso lectoescritor nunha sesión dentro da aula.

Un alumno presenta dificultades de articulación do fonema /r/ vibrante múltiple e os sinfóns á vez que presenta certas alteracións na súa conducta derivadas do TEA. Ao comezo do curso era de dúas sesión de 25 minutos pero debido ás necesidades de aula modificouse o horario, recibindo apoio dentro. De cara o vindeiro curso, recoméndase unha valoración por parte

do AL para continuar coa intervención.

Dous alumnos procedente do estranxeiro fai dous anos, con descoñecemento das linguas de aprendizaxe nunha. Un deles diagnosticada de Prader-Willi e con ACI en tódalas áreas, polo que a intervención centrouse nunha correcta expresión e comprensión, tanto oral como escrita. Esta alumna recibe 3 sesións individuais de 50 minutos.

**5º curso de Primaria:** 3 alumnos/as.

Un alumno recibiu apoio por presentar TEA de tipo Asperger, precisando axuda para o recoñecemento de emocións nos demais, a comprensión da linguaxe non literal e tarefas de ampliación.. O apoio levouse a cabo dúas sesións de 25 minutos semanais.

Unha alumna por dificultades no proceso lectoescritor. Presenta dificultades a nivel de discriminación fonolóxica que traslada á expresión escrita. A temporalización foi de 1 sesión semanal de 50 minutos e outras dúas de 25 minutos.

Outra alumna por dificultades no proceso lectoescritor empeza asistir AL a mediados do segundo trimestre. Presenta dificultades a nivel de conciencia fonolóxica e silábica que traslada á expresión escrita. A temporalización foi de 1 sesión semanal de 50 minutos e outras dúas de 25 minutos.

**Informes persoais e pronóstico para o próximo curso**

Queda a disposición do DO un informe final individual de cada un dos alumnos/as que recibiron apoio de audición e linguaxe este curso 2023/2024, detallando as características de dita intervención e os detalles que poden ser relevantes para futuras decisións.

Por outra banda, a xefatura do departamento, conta cunha listaxe elaborada por todos os membros do departamento de orientación coas posibles altas, os posibles prognósticos dos diferentes casos nos que intervimos e os nenos e nenas que precisan unha valoración á volta de vacacións porque a súa evolución non foi determinante.

Estas informacións, servirán de punto de arranque para o departamento de orientación do próximo curso, e pode guiar en gran medida as posibles intervencións cara o curso **2024/2025**.

### **Avaliación**

A avaliación por parte das mestras de Audición e Linguaxe foi a seguinte:

- Unha avaliación inicial de todo o alumnado citado anteriormente para a realización dos programas de intervención individualizados de cada un deles.
- Unha avaliación continua dos progresos e posibles retrocesos de cada un deles para corrixir e mellorar a forma de intervir.
- Unha avaliación final para a realización do informe final que queda a disposición do DO nos expedientes de cada un dos alumnos e alumnas.

### **Propostas de mellora**

Permanencia do especialista no centro a tempo completo, non debemos ver a figura do AL como a dun mero reeducador senón como unha parte do equipo do DO que pode axudar a previr e diagnosticar posibles problemáticas relacionadas coa fala, a linguaxe e/ou a comunicación.

Aumentar a elaboración de material para a aula de Audición e Linguaxe; durante o curso comprouse material de librería especializada e se elaborou material manipulativo para a adquisición de diferentes contidos.

Para acadar unha atención educativa axustada fórmulanse as seguintes propostas de mellora:

- Continuar coa boa implicación de todo o equipo docente así como das familias, en colaboración co Departamento de orientación.
- Continuar fomentando a participación e coordinación co resto do profesorado na realización de actividades conxuntas.
- Favorecer a participación, implicación e comunicación coas familias.
- Solicitar PFPP dende o Departamento para a formación en DUA, Cooperativo, Convivencia...
- Continuar actualizando as probas obxectivas coas que conta o DO.
- Adquirir material actualizado para as aulas de PT e AL.

- Empregar o recurso da figura de AL como apoio e non como cotitoría entre iguais; dar prioridade ao alumnado con neae é primordial para unha boa práctica educativa na que a inclusión é fundamental para unha boa praxis educativa.
- Mellorar a comunicación cos profesores de área para saber que contido se vai a traballar ao longo da semana.
- Tentar respectar as horas de apoio da especialista dentro da aula, non invertir as sesións en intercambio de materias ou en actividades nas cales o alumnado neae non precise ter apoio.

Unha das grandes dificultades coas que o departamento de orientación do CEP Carlos Casares se atopa curso tras curso, é a falta de continuidade do persoal, pois tanto o/a xefe/a do departamento como os especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica cambian con moita frecuencia. Isto repercute negativamente, xa que non existe unha continuidade no traballo realizado e provoca moita inestabilidade e desorganización, que afecta a todos os membros da comunidade educativa. Así, cada curso escolar, hai que volver comezar: poñerse ao día do traballo realizado o curso anterior; revisar expedientes e informes, poñerse en contacto coas familias, presentarse e intercambiar de novo información, así como entrevistarse cos mestres/as, co orientador/a do IES de Salvaterra, a Traballadora Social do concello, ou os especialistas do EOE e solicitar a súa colaboración.

A colaboración e cooperación entre docentes é outro dos puntos a ter en conta para o bo funcionamento da atención á diversidade. Tendo en conta isto, as reunións mantidas cos mestres/as que traballan con estes nenos e nenas son imprescindibles para intercambiar información sobre as dificultades detectadas e buscar conxuntamente posibles vías de solución, polo que habería que buscar e facilitar esta liña cooperativa.

Xa no traballo diario debemos, resaltar a importancia dos horarios, pois estes son actualizados segundo as necesidades que van xurdindo durante o curso e é importante o seu cumprimento para aproveitar o máximo posible os recursos humanos do centro.

## **6. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA**

### **6.1 E-DIXGAL**

Os cursos de 5º e 6º continuaron durante todo este curso co programa. Nas primeiras semanas o alumnado de 5º recibiu unha clase práctica dos seus compañeiros de 6º.

Debido ao descontento que tanto o profesorado como o alumnado e as familias amosaron, decidiuse someter a votación a continuidade do mesmo. Votouse por maioría abandonar o programa. O vindeiro curso retomaremos o uso dos libros de texto.

## 6.2 CONTRATOS PROGRAMA

O centro participou nos Programas de Éxito Educativo: **Contratos-programa CP innova** dentro das modalidades EDUinnova (o centro docente como entorno innovador de aprendizaxe), EDUexcelencia (o centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento) e EDUsaúde (Un curso máis potenciamos un estilo de vida saudable) e nos **Contratos-programa CP inclúe** (Convíve-T, Inclúe-T e este ano tamén Emociona-T),

No seguinte cadro recóllense varias actividades das levadas a cabo dentro de cada unha das modalidades:

CONTRATOS- PROGRAMA INNOVA
EDUEXCELENCIA: “Leiras e enredos doutro tempo”
<p>Durante este curso o proxecto anual de centro foi: "Leiras e enredos doutro tempo". Un proxecto interdisciplinar no que se traballou dende todas as áreas.</p> <p><u>Actividades relacionadas co patrimonio etnolóxico:</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Libro de vocabulario relacionado coa temática</li> <li>3.- Recollida de fotografías relacionadas cos pasatempos dos nosos ancestros.</li> <li>4.- Elaboración do calendario escolar con esta temática.</li> <li>5.- Museo científico relacionado coa temática.</li> <li>6.- Obradoiros tanto plásticos como científicos.</li> <li>7.- Construcción de diversos xogos en madeira para facer un recanto no patio de terra.</li> <li>8.- Semana “Enredando coma antes, divertíndonos coma nunca” de xogos tradicionais en colaboración coa asociación A Madana do Grove.</li> <li>9.-Confeción de disfraces relacionados coa temática: buxainas, bolos, e dados, taboleiros e</li> </ol>

fichas de parchís.

Actividades relacionadas co patrimonio inmaterial:

1.- Crenzas, mitos, lendas e refráns.

Produtos finais:

1.- Emisión de diversos programas radiofónicas dende a radio escolar "Radio Saltamontes".

2.- Publicación e difusión de diversos artigos tanto na revista escolar "Néboa" como na páxina web do centro.

3.- Exposición cos diversos trebellos aportados polas familias.

4.- Exposición xoguetes esquecidos de Pepe López e Manolo García.

**EDUSAÚDE**

1.- Deseño de merendas e almorzos saudables ao longo da semana para mellorar os hábitos alimenticios.

2.- Semana dos batidos, fomentando así o seu consumo.

3.- Plantar e coidar o horto escolar.

4.- Obradoiros de cociña saudable realizados no noso centro.

5.- Participación en varias xornadas intercentros de deporte escolar

6.- Creación dunha pirámide alimenticia en 3D.

7.- Coloquios ofrecidos polas escolas deportivas do concello (piragüismo, baloncesto, bádminton...).

9.- Participación en campionatos de bádminton

10.- Emisión de diversos programas radiofónicas dende a radio escolar "Radio Saltamontes".

**EDUINNOVA****Competencia matemática:**

- 1.- Obradoiro de cociña (medidas) no primeiro ciclo, concurso de fotografía matemática a nivel de centro, concurso de xeometría, obradoiros de papiroflexia, de debuxo técnico...
- 2.- Actividades lúdico-matemáticas tales como resolución de sudokus
- 3.- Solución de problemas da vida cotiá (pesos, dimensións, medidas...) a través da creación dun horto escolar. Medidas de parcelas, comparación de produtos atendendo (lonxitude, peso, volume, masa...)
- 4.- Resolución de retos matemáticos

**Competencia lingüística:**

- 1.- Obradoiros de teatro con representación en momentos significativos da vida escolar (festivais de Nadal e Letra Galegas).
- 2.- Proxecto intercentro sobre a literatura galega, onde cada clase terá un "padriño" ou "madríña" (un autor/a galego/a), sobre o que se fará unha investigación, se lerá e traballará con, alomenos un libro deste autor/a.
- 3.- Diferentes concursos e actividades lúdico-literarias, como preparación de guións e participación nos programas semanais de radio escolar, recitado de poesía, libros viaxeiros, aprendizaxe de sortes de botar e retahilas de xogos en 1º, 2º e 3º, invención de xogos e redacción de normas de aula, diario de creación literaria, obradoiros de contacontos, dramatizacións
- 4.- Elaboración de textos para a revista escolar e pés de foto para o calendario (expresión escrita).
- 5.- Celebración do Día de Rosalía
- 6.- Traballos arredor dos autores convidados: Ramón D. Veiga e Paula Carballeira.
- 7.- Exposicións orais de traballos
- 8.- Creación do libro viaxeiro do Salustiano e o de Lerias e Enredos.

**Competencia ciencia e tecnoloxía:**

- 1.- Traballo en torno á radio escolar a través de diferentes actividades de programación, audición, utilización dos diferentes dispositivos, etc.
- 2.- Achegamento ás últimas novidades que nos ofrecen as TIC, como poderían ser a colaboración cos blogs escolares, uso de tablets ou creación de realidade aumentada, códigos QR.
- 3.- Participación do centro no programa "Club de Ciencia" realizando diferentes obradoiros.
- 4.- Exposición no centro do "Museo de ciencia en movemento".
- 5.- Demostracións de diferentes experimentos científicos por parte do alumnado dos distintos niveis.

**Competencia dixital:**

- 1.- Creación de materiais de diferentes tipos en relación ao quefacer diario da escola (elaboración de táboas e gráficos, edición de vídeo, presentacións, deseño dos carteis que anuncian as diferentes actividades do centro...)
- 2.- Utilización de ferramentas básicas de ofimática así como uso das novas tecnoloxías como un medio de expresión creativa (creación de cartaces).
- 3.- Inclusión no proxecto E-Dixgal, favorecendo no alumnado o manexo e mellora na competencia dixital.
- 4.- Formación a través de actividades interactivas e libros dixitais.
- 5.- Emprego de diversas ferramentas que permitan crear actividades interactivas: Kahoots, Quizziz, Genially...

CONTRATOS- PROGRAMA INCLÚE
INCLÚE-T
<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Creación e deseño de xogos en madeira para colocar no patio da escola.</li> <li>2.- Obradoiros de elaboración de xoguetes con materiais da natureza</li> <li>3.- Participación nas xornadas de xogos populares realizada no parque de A Canuda.</li> <li>4.- Saída pola contorna de Cabreira</li> <li>5.- Organización da semana “Enredando coma antes, divertíndonos coma nunca”, no que aprendemos a xogar a moitos xogos tradicionais.</li> </ol>
CONVIVE-T
<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Apadriñar/amadriñar ao alumnado novo.</li> <li>2.- Xornada de portas abertas novo alumnado</li> <li>3.- Xornada de convivencia coas familias: Magosto, Nadal, Entroido e fin de curso.</li> <li>4.- Posta en marcha do programa de “Mediación entre iguais”</li> <li>5.- Asembleas de aula: normas, estado da convivencia, ...</li> <li>6.- Desfile do Entroido polas rúas de Salvaterra</li> </ol>

Valoramos positivamente a participación nos contratos-programa pois neles enmarcamos moitas actividades que xa se viñan facendo tradicionalmente no centro e desta maneira recibimos unha dotación económica para levalas a cabo sen ter que recurrir aos cartos de organización e funcionamento do centro.

### 6.3 CLUB DE CIENCIA

Por sexto ano consecutivo, levouse a cabo o Club de Ciencia. Este club fundaméntase nunha metodoloxía de indagación e de aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo, lúdico e distendido, buscando potenciar as vocacións

STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) dentro da estratexia Edudixital-2030, e tendo en conta os ODS contemplados na Axenda 2030, fomentando metodoloxías de indagación, que axudan a entender os aspectos teóricos do currículo, experimentando un novo xeito de ensinar, atendendo ás demandas da sociedade actual, promovendo a igualdade no ámbito científico e brindando ao alumnado estratexias metodolóxicas que favorezan as súas capacidades cognitivas.

Cada curso asistiu ás sesións planificadas dentro do horario lectivo, estando presentes as titoras en todas elas xunto co persoal asignado de apoio.

Todo o claustro participou facendo experimentos e involucrando a todo o alumnado, a maiores recibimos a visita do museo “Ciencia en movemento” cunha proposta relacionada co proxecto do centro “Lerías e Enredos doutro tempo” nas que participou todo o centro, cunha base de xogos populares e tradicionais da nosa contorna. O alumnado participou activamente en todos os experimentos deseñados para cada sesión e familiarizouse con termos tales como: equilibrio, inclinación, planos, dinámica....

Inclusión dun obradoiro de realización de barquiños con materiais de reciclaxe naturais impartido por veciños da parroquia, tendo en conta as tradicións daqueles xoguetes de antaño fabricados a mán, explicando a reciclaxe de obxectos cotiás para o xogo .

Posteriormente á finalización do experimento, cubriron unha ficha de traballo na que recolleron os pasos seguidos durante a realización do mesmo e as conclusións finais.

Dende a coordinación fixéronse experimentos nos que participaron todo o alumnado, as titoras e os especialistas tamén fixeron os seus experimentos co seu alumnado.

Neste enlace hai unha mostra das actividades feitas ao longo do curso.

[CIENCIA EN MOVIMIENTO - Galería do CEP Carlos Casares \(xunta.gal\)](#)

As valoracións son moi positivas por parte do alumnado e do profesorado.

### **Propostas de mellora**

Continuar con este club e a participación do club “Ciencia en Movemento”

## 6.4 PLAN PROXECTA: PROA+ e PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

### PROA+

A persoa encargada de desenvolver o programa PROA+ este curso 2023-2024, no centro CEP Carlos Casares, foi Jéssica Río Portela.

#### **Logros acadados co desenvolvemento do programa.**

Estratexias para a elaboración de mapas mentais, organizadores gráficos e rutinas de pensamento que faciliten a comprensión e o estudo dos contidos nas competencias clave.

- Aporte de estratexias para a mellora das funcións executivas:
- Implementación de autoinstrucións e secuencias con apoios verbais para mellorar a organización, planificación e execución de tarefas.
- Control inhibitorio nas respostas do alumnado con dificultades neste ámbito.
- Aumento da autonomía persoal na realización das tarefas de aula.
- Mellora da autoestima e autoconcepto.
- Aumento da aceptación e inclusión da diversidade de capacidades.
- Adaptación de instrumentos e procesos de avaliación.

#### **Porcentaxe de mellora nas competencias do alumnado beneficiario do programa**

- A porcentaxe de mellora na competencia científico-matemática: 70%
- A porcentaxe de mellora na competencia socio-lingüístico: 70%
- Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na avaliación final: 70%

#### **Organización, desenvolvemento e metodoloxía.**

A organización da intervención educativa foi distribuída dende o Departamento de Orientación, consensuada co equipo directivo e aprobada polo Servicio Territorial de Inspección Educativa. A distribución deste horario daba preferencia ao apoio nas materias instrumentais como lingua castelá, lingua galega e as matemáticas, deixando o resto do horario para realizar outros apoios (mediación) e coordinación co resto de profesorado.

O desenvolvemento da intervención foi exclusivamente dentro da aula ordinaria, para favorecer a inclusión da diversidade.

En canto a metodoloxía tivéronse en conta os tres principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA):

- Proporcionar múltiples formas de representación, presentando a información en distintos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes e lectura fácil).
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión, ofrecendo diferentes opcións para realizar as tarefas e para expresar os resultados da aprendizaxe (escribindo, oral, debuxando, gravación das tarefas en audio ou vídeo, rutinas ou destrezas de pensamento, organizadores gráficos e thinking maps).
- Proporcionar múltiples formas de implicación, conectando cos intereses do alumnado para lograr a súa motivación, brindando feedback constante e utilizando técnicas cooperativas simples (folio xiratorio, lectura compartida, lapis ao centro, mapa mental) e complexas (equipos de axuda mutua).

Adicionalmente, empregouse o modelado, o reforzamento positivo e a ensinanza multinivel e sen erro, mellorando a autoestima e potenciando a autonomía. Ademais da aprendizaxe significativa en contexto real, e rutinas e ambientes predicibles, anticipando calquera cambio.

Os resultados obtidos foron suficientes para notar mellora en aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe. Para a execución deste programa facilitaríase a continuidade do mesmo dende cursos inferiores a sexto de primaria e cunha continuidade da persoa que realiza o apoio, así como comezar os apoios no inicio de curso (principios de setembro).

## **PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA**

Este é o noso segundo ano nesta iniciativa da Consellería. Trátase dun programa que ten como obxectivos loitar contra a inactividade e o sedentarismo, fomentar no 100% do alumnado a práctica deportiva e incrementar a práctica de actividade física entre outros.

Neste curso participamos na modalidade DAFIS e no programa XOGADE.

**Avaliación do grado de consecución dos obxectivos propostos dende os dous programas nos que se participa.**

Modalidade DAFIS.- Este programa busca a valoración da condición física do alumnado a través de diferentes test e probas propostas. Posteriormente trabállase cos resultados obtidos de cara a unha mellora da condición física do noso alumnado. Por diversos motivos este ano non foi posible a realización da totalidade das probas durante o periodo no que contamos (2 semanas) co caixón DAFIS, polo que non se acadaron os obxectivos propostos referentes a esta modalidade do PVAD.

Modalidade XOGADE.- O programa galego XOGADE (Xogos deportivos en idade escolar) combina un programa deportivo cun programa lúdico e participativo, onde o obxectivo é a promoción da saúde, a condición física e o benestar, sen esquecer e sen deixar de lado unha mellora no rendemento deportivo. A participación neste programa permitiunos realizar diversas actividades tales como:

- Dúas Xornadas Intercentros. A 1ª foi co CEIP Marquesa Pazo da Mercé das Neves, a 2ª co CEIP de Leirado. A experiencia foi moi satisfactoria para o alumnado permitindo beneficiarse do potencial educativo das actividades físico deportivas buscando que prime a participación en todo momento por enriba da competitividade e posibilitando ós nenos que se divirtan coa práctica deportiva.
- Fomos anfitrións na primeira xornada e visitantes na segunda. En ambas foron actividades moi satisfactorias.
- Realización de Cross a nivel comarca no que participaron a práctica totalidade do alumnado de 3º a 6º.
- Xornada de Xogos Populares no parque da Canuda. Un día de convivencia no que disfrutaron do patrimonio inmaterial e da cultura galega nun marco de gran atractivo como é o Parque da Canuda.
- Xornadas de Coñece o meu club, na que como se especifica no apartado de EF nos visitaron diversos clubs da zona, para que o noso alumnado sexa coñecedor de toda a oferta deportiva de calidade na súa contorna.
- Xornadas de iniciación e dinamización de diversos deportes como o bádminton que correu a cargo de Victor Lemos, técnico do Clube de Pontareas.
- Organización da semana de “Enredado coma antes, divertíndonos como nunca...” sobre xogos tradicionais populares, en colaboración coa asociación A Madana do concello do Grove.

### **Propostas de mellora.**

Modalidade Xogade.- Referente a modalidade de Xogade se facemos análise dos resultados obtidos e da participación e satisfacción do alumnado os resultados foron moi satisfactorios, algunhas suxestións de cara avindeiros anos son:

- Continuar coas Xornadas Intercentros nas que se podería cambiar algunhas das disciplinas deportivas como balonmán ou fútbol por algún deporte alternativo no que se favoreza máis a cooperación e o traballo en equipo así como a igualdade entre nenos e nenas.
- Na Xornada do Cross na que queda moi patente a diferenciación das capacidades físicas, buscar algún tipo de adaptación que posibilite a participación nunhas condicións de maior igualdade de aquel alumnado que ten maiores dificultades e condicionantes a nivel motor.
- Diseñar actividades e xornadas encamiñadas tamén a promoción da actividade física no 1º ciclo de educación primaria, na que no presente ano non se realizou ningunha actividade enmarcada dentro do programa XOGADE.
- Estudar a posibilidade de realizar actividades no medio natural como orientación, escalada, sendeirismo... que moitas veces non teñen cabida nas aulas ordinarias.

Modalidade DAFIS.- O tempo co que contamos co caixón DAFIS se ocorre calquera incidencia, non da tempo a realización das probas propostas polo que para o vindeiro ano, no curso 2024 2025 proponse a realización de ditas baterías ao longo do 1º trimestre de cara a poder ter máis tempo e maior posibilidade de organización ao longo do curso escolar.

Propostas de mellora referentes o PVAD a nivel centro.

- Dinamizar patios.
- Organizar mais torneos internos de diversos deportes.

### **6.5 O Plan Dixital**

Coa colaboración do asesor Adix, implementáronse todas as accións relacioandas co Plan Dixital.

O vindeiro curso o noso compañeiro Asesor Adix, incorporarase á docencia. Descoñecemos cales serán os pasos a seguir nos vindeiros curso.

Xa se solicitaron os paneis interactivos para dotar ás aulas que faltan, unha vez remate o periodo lectivo.

## 7. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Ao longo deste curso levouse a cabo un Plan de Formación do Profesorado no que participou todo o profesorado que estaba en activo ao comezo de curso. Solicitáronse dúas actividades: O Polo creativo no CEP Carlos Casares (30 horas) e Iniciación ás Prácticas Restaurativas (40 horas). Tamén recibimos formación relacionada coas dúas actividades, 12 horas do Polo e 16 horas de docencia relacionada coas Prácticas Restaurativas.

Este curso, por mor de que a formación se realizou en Tui, houbo docentes que non puideron certificar por exceder do 15% das horas permitidas, de faltas de asistencia, pero participaron de forma activa nos círculos restaurativos que se realizaron.

### **Propostas de mellora**

Presentar o proxecto para solicitar o PFPP do vindeiro curso.

Posibles actividades a determinar a principio de curso:

- Formación relacionada co material recibido do Polo Creativo, segundo o interese do profesorado
- Formación relacionada coas Prácticas Restaurativas por ser unha das actividades Panca recollidas no PEM, para o vindeiro curso.
- Formación en Mediación.
- Formación para mellorar a saúde emocionais do alumnado e do profesorado.
- Atención á Diversidade: Asperger, Tea, ...

## 8. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O centro contou cunha conserxe os luns, mércores e venres das 12:15 ás 15:00h. Desgrazadamente, esta conserxe tivo que coller varias baixas ao longo do presente curso escolar o que repercutir negativamente no mantemento do centro.

Valoramos positivamente que se recuperase esta figura trala xubilación do anterior conserxe. Pensamos que é fundamental para a conservación e mantemento do edificio polo que tras a baixa da actual, é importante contemplar a posibilidade de substitución. Durante o tempo que estivo en activo, atallou de inmediato problemas urxentes como fugas de auga nas tuberías dos baños, substitución de lámpadas...

Contamos tamén cunha limpadora durante 4 hora e media en horario de tarde (15:00h a 19:30h)

### **Propostas de mellora**

- Substituír á conserxe nos períodos de baixa laboral.
- Incrementar as horas de dedicación da conserxe ao noso centro. Debido a gran extensión de patio que temos e ao estado das tuberías, da instalación eléctrica, da caldeira... consideramos insuficiente o tempo que pasa no centro.
- Valorar a posibilidade de facer un rexistro das tarefas realizadas e pendentes.

## **9. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR**

O colexio conta con dúas liñas de transporte:

Facilitóuselle a cada acompañante das liñas de bus a seguinte documentación:.

- A listaxe de alumnado por parada.
- A listaxe das persoas autorizadas a recoller ao alumnado no caso de non atoparse na parada algún dos proxenitores.
- A listaxe do alumnado de 5º e de 6 autorizados para baixase sós.
- O servizo de transporte durante o curso funcionou con normalidade, sen que se rexistraran incidentes graves .

Valoramos positivamente a comunicación entre as acompañantes e a dirección do centro, o que permitiu en varias ocasións resolver algún problema sobre a marcha.

## **10. COMISIÓN DE CONVIVENCIA E COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA**

A Comisión de Convivencia do centro traballou coa finalidade de acadar de todos os membros da comunidade educativa, especialmente do alumnado, un comportamento axeitado para convivir pacificamente, e buscar estratexias para resolver os conflitos que foron xurdindo.

Velou para que no centro se forme ao alumnado na adquisición de valores de tolerancia, respectando as ideas e diferenzas cos demais, no marco dos valores democráticos para formar

cidadáns libres e responsables.

Estes obxectivos acadáronse en grande medida, xa que, a maioría das faltas contrarias ás normas de convivencia, foron leves e coa ausencia de conflitos entre os distintos sectores da comunidade educativa. Valóranse positivamente as actividades de convivencia programadas na CCP.

O perfil convivencial do Centro pode enmarcarse nunha tipoloxía de baixa conflictividade.

A convivencia no centro e nas aulas é boa, a relación con todos os sectores da comunidade educativa, salvo excepcións, é fluída, de respecto e de colaboración, orientada á búsqueda de solucións aos atrancos que van xurdindo.

A convivencia no centro foi boa e as relacións co Equipo directivo foron fluídas e correctas. O elevado número de actividades desenvolvidas polos diferentes Equipos e os proxectos levados a cabo nas aulas, demostran unha gran implicación de todo o claustro. Mantense un alto grao de profesionalidade nas mestras e mestres do centro.

As relacións do profesorado-alumnado, en xeral, poden valorarse como moi boas, desenvolvéndose un alto grao de empatía e respecto mutuo. A relación entre os distintos sectores da comunidade educativa e a relación das familias, tanto co profesorado como co Equipo Directivo, son boas aínda que este curso houbo un clima de tensión e malestar cun número reducido de familias.

Levou a cabo o programa do Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos mediante dúas charlas informativas, unha sobre educación vial e outra sobre o ciberacoso, e unha exhibición de medios da Garda Civil que tivo lugar na escola de Arbo.

En 5º e 6º de educación primaria levouse a cabo durante todo o curso un programa de habilidades sociais, intelixencia emocional, círculos de diálogo para mellorar a convivencia na aula.

Na entrada do centro colocouse o punto laranxa. Funcionará como unha caixa de correos a través do cal o alumnado, desde o absoluto anonimato, pode trasladar situacións de acoso ou ciberacoso propias ou que sufran ou perciban en terceiros.

O punto laranxa é unha medida impulsada desde a Xunta co obxectivo de erradicar o acoso e o ciberacoso nos centros educativos, grazas á colaboración de alumnos, docentes, familiares e outras persoas próximas á comunidade educativa. O anonimato constitúe un refuxio

seguro á hora de denunciar, facilitando así o logro dun cambio entre todos e todas. Salientar que non houbo ningunha suxerencia.

### **Propostas de mellora:**

- Constituír a comisión de convivencia e facer unha reunión trimestral.
- Facer algún obradoiro o algunha charla que trate sobre as emocións.
- As normas da aula: son asumidas polo alumnado de maneira bastante positiva, porque son elaborados por eles e séntenas como propias. É importante telas expostas e revisalas periodicamente.
- Elección dos/as delegados/as de aula: está xa consolidado e é unha boa iniciativa. É importante a súa colaboración na organización de diferentes aspectos relacionados co funcionamento do centro.
- Asembleas de aula: realizar asembleas permite expresarse de forma espontánea. Saen moitos temas que, doutro xeito, non se expresarían nin se poderían coñecer. O alumnado séntese libre para expresar as súas ideas.
- Resolución pacífica de conflitos: os modelos de reflexión sobre as conductas contrarias á norma funciona ben, en canto que teñen que pararse a pensar para escribir o que aconteceu.
- Seguir formando ao alumnado e ao profesorado na mediación.
- Para o vindeiro curso seguir coas habilidades Sociais, prácticas restaurativas, círculos de diálogo, intelixencia emocional, con 6º de primaria e comezar cos cursos de 2º e 5º de educación primaria.
- Continuar co programa do Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos, porque son charlas moi interesantes e ben enfocadas cara o noso alumnado.

## **11. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.**

### **11.1. Melloras realizadas**

O equipo directivo, seguindo o programado na PXA, e coa finalidade de garantir a

conservación do edificio escolar e os medios materiais e educativos, levou a cabo unha serie de xestións e traballos de mellora no centro.

Entre as accións de **mantemento e conservación** realizadas están:

- Limpeza de xardíns, a principios de curso, por unha empresa contratada polo Concello.
- Mantemento de xardíns e poda de árbores durante o curso.
- Comprobación do correcto funcionamento do rego automático do horto e xardín dianteiro.
- Plantación nas xardiñeiras da entrada.
- Tala das árbores do patio que presentaban un risco para a seguridade do alumnado ou do edificio escolar. (Empresa contratada polo Concello).
- Instalación de novas tomas de corrente eléctrica en varias aulas e no corredor da planta alta.
- Revisión da caldeira a principio de curso, polo técnico de Baxi (Servizo Oficial de Roca).
- Substitución do reloxo de programación da caldeira.
- Desratizouse o centro.
- Levouse ao punto limpo gran parte do material almacenado no soto e que era inservible.
- Retiráronse os mastros para bandeiras que había no xardín.
- Pintouse a aula de PT e a porta pequena da cancela de acceso ao centro.
- Pintado das liñas dos campos de xogo de bádminton e mini basket.
- Arranxo do oco excavado polo alumnado no patio de terra.
- Reforzado do dintel da porta de entrada ao pavillón.
- Colocouse o soto que presentaba un gran desorde e material inservible.
- Renovación de todo o sistema de son da radio escolar.
- Fíxose a revisión anual do sistema da ALARMA.
- Arranxáronse moitas fugas de auga nas tuberías do baños.
- Colocáronse algunhas persianas novas e arranxáronse outras.
- Colocáronse unhas estanterías na aula de PT

- Arranxáronse varios elementos do pario infantil.
- Cambiáronse varios fluorescentes por barras de led.

Para seguir aumentando a **dotación de material** e mobiliario do centro realizouse no mes de outubro a solicitude de material á Consellería de Educación (Secretaría Xeral Técnica) e foinos enviado o seguinte material:

- 2 estanterías abertas a unha cara que foron destinadas á biblioteca
- 1 expositor de libros para a aula de 2º nivel.
- Con cargo ao centro mercáronse:
- 4 cadeiras de rodas para os mestres
- Varias caixas de madeira para EF e PT
- Entre as xestións realizadas polo Equipo Directivo cabe salientar:
- Solicitouse, unha vez máis, ante a Xefatura Territorial a substitución dos falsos teitos, das luminarias e das tuberías dos baños. Obtivemos o compromiso de que estas obras íanse a levar a cabo tan pronto como houbera unha partida orzamentaria.
- Asistiuse a todas as convocatorias de reunión por parte do Inspector para tratar temas relacionados co centro.

### **11.2 Propostas de mellora e xestións pendentes**

- Instalación dun punto de auga no campo de terra e outro preto do pavillón.
- Desbroce de todo o terreo escolar e do perímetro de seguridade.
- Asfaltar o aparcadoiro.
- Revisar toda a rede que delimita o recinto escolar.
- Limpeza dos canalóns do edificio principal e do ximnasio.
- Pintar o patio inclusivo.
- Repaso de pinturas nalgunhas estancias.
- Colocar encerados de xiz polo patio.
- Construír casiñas decorativas, partindo dos troncos das árbores secas.
- Colocar o céspede artificial arredor da casiña.

- Modernizar os elementos de xogo do patio infantil.
- Cambio da cancela e do portal
- Reparar unha das porterías de fútbol e renovar a cordaxe dalgunha das canastras de baloncesto.
- Colocar uns andeis no ximnasio, para gardar o material de educación física.
- Habilitar un almacén de Educación Física de fácil acceso dende o ximnasio que permita ter o material de EF en orden e a man para a realización das clases de Educación Física.
- Acabar de cubrir a pista polideportiva xa que permitiría a práctica idónea de diferentes disciplinas deportivas como o bádminton, así como un espacio idóneo para a práctica deportiva para os cursos superiores xa que o ximnasio quédase pequeno para o 3º ciclo.
- Mellora dos patios do centro: realización dun circuío de xogos populares que pode estar permanente e que permita a dinamización do patio; colocar mobiliario de patios en madeira específico que permita a escalada, equilibrio, unha zona de aula exterior...; realización dun rocóromo nunha das paredes da pista polideportiva que permitiría a práctica desta disciplina, sinalización dos bancos da amizade, colocación de tobogáns que comuniquen a pista de terra co bosque, circuío arbóreo no bosque...
- Pintar o patio inclusivo marcando un circuío de Educación Vial e no centro conservar xogos que permitan diversificar a oferta lúdica do alumnado.
- Renovar o sistema de alumbrado e son do salón de actos do centro.

## 12. PLAN DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN

O simulacro de evacuación por incendio realizouse o 19 de xaneiro de 2023. Detectaron o incendio, na planta baixa, a mestra Lorena.

- Hora do inicio da evacuación 11:30h
- Tempo de evacuación: 4 minutos e 29 segundos
- Profesorado: No momento da evacuación estaban no centro todo o profesorado

### Aspectos a mellorar:

Os mestres de garda deberán revisar mellor todas as dependencias xa que houbo tres mestres agochados na emisora escolar, no almacén de educación física e no comedor que non foron rescatados.

- Algunhas portas e ventás quedaron abertas.
- Tardouse moito tempo en evacuar o edificio por pararse a eliminar os obstáculos da segunda saída de emerxencia, pola aparatividade dos mesmos, teríase que ter buscado unha saída alternativa.

#### **Propostas vindeiro curso:**

- Seguir facendo o simulacro o máis cerca posible do inicio de curso así, en caso de saír algo mal, podería repetirse e melloralo.
- Hai que mercar bucinas de reposto e recambios.
- Tentar que o lume sexa máis visible e berrar “Lume” unha vez sexa detectado.
- Sinalizar as saídas de cara ao punto de encontro (fonte)
- Recibir formación en primeiros auxilios.
- A estancia do comedor deberá ser a última en revisar así, a persona que o revise, pode saír pola porta presente nesa estancia, non sendo necesario que volva entrar no edificio.

### **13. APARTADO ECONÓMICO**

A modificación das contas da xestión do orzamento do ano 2023 foron presentadas ao CE para a súa avaliación, o 23 de abril de 2024. A continuación detállase o estado dos ingresos, gastos e resultado da xustificación:

<b>ESTADO DE INGRESOS:</b>	<b>58.181,33€</b>
a. Dotación procedentes da Consellería de Educación	25.624,83 €
Partida para gastos de funcionamento	20.214,60 €
Fondo solidario de libros de texto:	2.255,23 €
Plan de Mellora de bibliotecas escolares...	1.070,00 €
Fondos recibidos da secretaría xeral de política lingüística	435,00 €
Outros	1.650,00 €
c. Achegas económicas procedentes doutros organismos	700,00 €
h. Remanente do exercicio anterior	31.856,50 €

<b>ESTADO DE GASTOS:</b>	<b>26.764,78 €</b>
2. Construcións	0 €
3. Material de oficina:	1.624,00 €
4. Subministracións:	4.369,60 €
5. Comunicacóns:	31,28 €
6. Transporte:	2.050,00 €
8. Primas de seguros:	618,12 €
10. Axudas de custo e locomoción:	1.593,14 €
11. Gastos diversos:	12.583,91 €
12. Mobiliario e utensilios inventariables	299,95 €
13. Outros materiais inventariables	3.594,78 €
<b>REMANENTE QUE SE INCORPORA AO EXERCICIO 2024</b>	<b>31.416,55 €</b>

O orzamento para o ano 2024 foi presentado ao CE, o 23 de abril de 2024, quedando aprobado do seguinte xeito:

**Dotacións procedentes da Consellería de Educación:**

Gastos funcionamento 2024.	9.814,00 €
Consellería Cultura: Proxecto fomento de uso do galego	0,00 €
Convenio de colaboración co Concello.	0,00 €
Remanente de gastos de funcionamento do ano 2023.	21.139,79 €
Club de lectura	900,00 €
Rede Dixitalgal	8.559,95 €
Remanente PLAMBE fondos	696,05 €
<b>TOTAL</b>	<b>41.109,79 €</b>

CONCEPTO DE GASTOS	ORZAMENTO
1.- Reparación, mantemento e conservación	2.800,00 €
2.- Material de oficina	4.990,00 €
3.- Subministracións	5.000,00 €
4.- Comunicación	100,00 €
5.- Primas e seguros	710,00 €
6.- Transporte	2.740,00 €
7.- Axudas custo e locomoción (itinerancias)	2.990,00 €
8.- Gastos diversos	16.309,79 €
9.- Mobiliario e utensilios inventariables	3.500,00 €
10.- Libros e revistas	1.970,00 €
<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>41.109,79 €</b>

#### 14. ANEXO. MEMORIA DAS ACTIVIDADES DA ANPA

A ANPA do CEP Carlos Casares de Alxén, conta nestes momentos co 100% de familias do centro asociadas.

Coas súas achegas de cotas anuais, realizáronse durante o curso escolar diferentes actividades extraescolares e actos culturais e sociais, nos que participaron os alumn@s do Centro, Equipo Directivo e demais mestres e familias.

Ofertouse o Servizo de Apoio da Aula Matinal e o servizo de Comedor durante todo o curso.

As actividades extraescolares ofertadas para o curso 2023/2024 foron: balonmán, patinaxe, baile moderno, cociña e multideporte

**Actividades do curso 2023/2024:****Novembro:**

- Magosto

**Decembro:**

- Visita do Apalpador, con caramelos para tódolos nen@s.
- Adornado do centro

**Febreiro:**

- Chocolatada, rosca e biscoitos o día do Entroido no Colexio.
- Almorzo no desfile de Entroido no pavillón de Leirado.

**Xuño:**

- Colaboración nos gastos da excursión de fin de curso, organizada polo Centro.
- Festa de fin de curso o 21 de xuño coa realización de actividades con 3 monitores.

**Xestións:**

- Organizar dúas asembleas en setembro e outras dúas en xuño.
- Tramitación de Subvención anual co Concello de Salvaterra.
- Solicitar a axuda económica do comedor escolar.
- Pagar ás familias a axuda de comedor respectiva do curso pasado.
- Recaudación de fondos cun posto de venda de rosquillas na festa do viño de Arantei, ademais do sorteo e venda de comida e bebida na festa do magosto realizada na escola.
- Solicitar os traxes dos reis magos e caramelos ao Concello, colaboración coas súas maxestades na visita ao alumnado.
- Tramitación da axuda para unha visita a unha granxa escola a comezos do vindeiro curso.
- Contratación dun Seguro de Responsabilidade Civil para o desenvolvemento das actividades e festas.
- Notificación de cambio de Xunta Directiva na Axencia Tributaria e no Rexistro correspondente da Xunta de Galicia.

- Cambio de Directiva, a finais de curso por cese de Presidenta, vicepresidenta, Tesoureira e 2 Vogais, quedando a Xunta Directiva para o vindeiro bienio 2024/2025 e 2025/2026 formada por:
  - ⌚ Presidenta: Dona Estela Domínguez Castro
  - ⌚ Vicepresidenta: Dona Paula García Carrera
  - ⌚ Secretario: Don Jorge López Caballero
  - ⌚ Tesoureira: Dona Tammy
  - ⌚ Vogal: Victoria Solla Pérez
  - ⌚ Vogal: Cecilia Bargiela Piedrahita
  - ⌚ Vogal: Vanesa Cambra Pereira

Todas estas xestións, eventos e organizacións de actividades/servizos, implicaron un importante custe anual, que se afrontou grazas ás cotas, sorteos, etc... rematando este curso cun resultado na conta da ANPA de carácter positivo.

Esta Memoria Anual foi presentada e aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar, o 28 de xuño de 2024.

A directora:

Asdo.: Ana Belén González Casar



A secretaria:

Asdo.: Mª del Carmen Rodríguez Tielas